

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O TRINTA E UN DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZANOVE.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

Concelleiro/as:

Dña. Raquel Caruncho Corral.

D. José Simoes Couceiro.

Dña. Yolanda Vázquez Busto.

Dña. Silvia Fornos Permuy.

[Abandona a sesión sendo as 14h08min durante o debate do asunto do punto incluído na orde do día pola vía de urxencia relativo ao "Convenio de Colaboración entre o Concello de Ponte deume e a Comunidade Autónoma de Galicia, cuxo obxecto é a cesión de competencias en materia de convocatoria e selección do persoal municipal da Policía Local]

Dña. Marta Pico Machado.

D. Francisco Javier Crespo Romeo.

[Abandona a sesión sendo as 13h35min], durante o debate do punto 4 da orde do día: Modificación nº 1 da Relación de Postos de Traballos (RPT) do Concello de Ponte deume]

Dña. Ascensión de Vicente Olarte.

[Abandona a sesión sendo as 15h13 min, durante o debate do asunto punto 5 da orde do día "Moción do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) en defensa da sanidade pública]

D. Andrés Pérez Pérez.

Dña. Ana María Veira García.

D. Jorge Serafín Allegue Freire.

[Abandona a sesión sendo as 14h26min durante o debate do asunto do punto incluído na orde do día pola vía de urxencia relativo ao "Convenio de Colaboración entre o Concello de Ponte deume e a Comunidade Autónoma de Galicia, cuxo obxecto é a cesión de competencias en materia de convocatoria e selección do persoal municipal da Policía Local]

Non asisten:

D. Pedro Amado Sanmartín.

Dña. María Carmen Piñeiro Varela.

Interventora:

Dña. Lucía Varela Martínez.

Secretaria:

Dña. Marta Cajide Barbeito.

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e vinte e sete minutos do día trinta e un de xaneiro de dous mil dezanove, xúntanse en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria e Interventoras Municipais.



A Presidencia abre a sesión, desculpando a demora do incio da sesión motivada pola situación de emerxencia xurdida na rúa Empedrado cunha vivenda que é necesario derrubar, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES.

- ORDINARIA DE 29.11.2018.
- EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 18.12.2018.
- ORDINARIA DE 27.12.2018

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES.

- ORDINARIA DE 29.11.2018.
- EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 18.12.2018.
- ORDINARIA DE 27.12.2018.

(EXPEDIENTE: 2019/G006/000011)

Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia dos borradores das actas correspondentes ás sesións:

- Ordinaria de 29.11.2018.
- Extraordinaria e Urxente de 18.12.2018.
- Ordinaria de 27.12.2018.

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

- Ordinaria de 29.11.2018.
- Extraordinaria e Urxente de 18.12.2018.
- Ordinaria de 27.12.2018.

SEGUNDO.- Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro en Pontedeume, a luns 28 de xaneiro de 2019”

O Presidente pregunta se algún/ha concelleiro/a ten algo que dicir ao respecto dos borradores de actas.

Non habendo intervencións, sométense a votación os borradores de actas por separado, por non teren estado presentes as mesmas persoas nas distintas sesións:

- Ordinaria de 29.11.2018.

Queda **ADOPTADO** por **MAIORÍA** de **10 votos a favor** de D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy, Dna. Marta Pico Machado, Dna. Ascensión de Vicente Olarte, D. Andrés

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Pérez Pérez, Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire; e **1 abstención de** D. Francisco Javier Crespo Romeo por non ter estado presente na sesión cuxo borrador se somete a aprobación, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

- Ordinaria de 29.11.2018.

SEGUNDO.-. Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

- Extraordinaria e Urxente de 18.12.2018.

Queda **ADOPTADO** por **MAIORÍA** de **10 votos a favor** de D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy, Dna. Marta Pico Machado, Dna. Ascensión de Vicente Olarte, D. Andrés Pérez Pérez, Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire; e **1 abstención de** D. Francisco Javier Crespo Romeo por non ter estado presente na sesión cuxo borrador se somete a aprobación, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

- Extraordinaria e Urxente de 18.12.2018.

SEGUNDO.-. Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

- Ordinaria de 27.12.2018.

Queda **ADOPTADO** por **MAIORÍA** de **10 votos a favor** de D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Silvia Fornos Permuy, Dna. Marta Pico Machado, D. Francisco Javier Crespo Romeo, D. Andrés Pérez Pérez, Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire; e **1 abstención** de Dna. Ascensión de Vicente Olarte por non ter estado presente na sesión cuxo borrador se somete a aprobación, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:

- Ordinaria de 27.12.2018.

SEGUNDO.-. Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA VISITA AO CASTELO DE ANDRADE E A TORRE DOS ANDRADE.

A Secretaria da lectura ao Ditame da Comisión Informativa, que se transcribe a continuación:

"DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA.

SESIÓN: EXTRAORDINARIA E URXENTE DE DATA LUNS 28 DE XANEIRO DE 2019
EXPDTE: 2019/G012/000001
SESIÓN Nº: 36/2015-2019



2.- MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA VISITA AO CASTELO DE ANDRADE E A TORRE DOS ANDRADE.

A Secretaría da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA VISITA AO CASTELO DE ANDRADE E A TORRE DOS ANDRADE

EXPEDIENTE 2018/X999/000146

Tendo en conta as dilixencias informativas abertas polo Servizo de Patrimonio Cultural da Xefatura Territorial da Coruña da Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Ref.: VI-AC-036.18, referente ás visitas públicas gratuítas dos Bens de Interese Cultural (BIC) declarados, como son o Castelo dos Andrade en Nogueirosa e o Torreón dos Andrade na propia vila, documento con rexistro de entrada nº 2822 de 13.06.2018.

Visto o documento con rexistro de entrada nº 4130 de 13.09.2018 do Servizo de Patrimonio Cultural no que se advirte a esta entidade local da obriga de dar cumprimento ao establecido no 48.1.3 da lei 5.2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, o seguinte: “As persoas propietarias, posuídoiras, arrendatarias e, en Xeral, titulares de dereitos reais sobre os bens de interese cultural especificamente declarados permitirán a súa visita pública gratuíta un número mínimo de catro días ao mes durante, polo menos, catro horas ao día, que serán definidos previamente” e no que se advirte das consecuencias do suposto incumprimento, cualificado como infracción leve do tipo do artigo 129.e) da dita lei que derivaría na imposición dunha sanción económica.

Vista a proposta da Concelleira de Cultura, Turismo e Comercio, dona Yolanda Vázquez Busto, de data 26 de outubro de 2018, na que se solicita que se proceda a dar unha nova redacción á Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola visita ao Castelo e Torre dos Andrade, publicada no BOP núm. 165 de 20 de xullo de 2005, baseando a proposta na necesidade de adaptar a citada ordenanza á Lei 5/2016, de 4 de maio, de patrimonio cultural de Galicia e en que a ordenanza vixente ten unha redacción que resulta farragosa e desestruturada.

Vistos os informes de Secretaría de 10.12.2018 e da Intervención Municipal de 16.01.2019.

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA** de **ACORDO** para o seu **DITAME** pola Comisión Informativa:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da “Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola visita ao Castelo de Andrade e a Torre dos Andrade” coa redacción seguinte:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA VISITA AO CASTELO DE ANDRADE E A TORRE DOS ANDRADE

PREÁMBULO

TÍTULO I. FUNDAMENTO E DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Fundamento legal

Artigo 2. Feito impoñible

Artigo 3. Suxeitos pasivos

Artigo 4. Responsables

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TÍTULO II. XESTIÓN DAS VISITAS AOS BENS DE INTERESE CULTURAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME

Artigo 5. Tarifas

Artigo 6. Pagamento da taxa

Artigo 7. Exencións

Artigo 8. Días de apertura gratuíta

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

DISPOSICIÓN FINAL

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS ACTIVIDADES REALIZADAS NOS BENS DE INTERESE CULTURAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME

PREÁMBULO

Este texto pretende ser base normativa fundamental para a regulación das actividades realizadas nos bens de interese cultural do Concello de Ponte deume, no que se plasme o compromiso do Concello de Ponte deume coa salvagarda da súa historia e cultura, vencelladas de xeito inherente á identidade do pobo eumés.

TÍTULO I. FUNDAMENTO E DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Fundamento legal

1. En atención ao establecido nos artigos 25.2.m) e 28 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases do Réxime Local, artigo 20.3.w do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e ás disposicións establecidas na Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, procédese á regulación das actividades realizadas nos Bens de Interese Cultural do Concello de Ponte deume.

2. Son Bens de Interese Cultural do Concello de Ponte deume incluídos no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural os seguintes:

- A) Castelo dos Andrade (ben inmovible, número rexistro: BIC.000.434)
- B) Torreón dos Andrade (ben inmovible, número rexistro: BIC.000.017)
- C) Igrexa de San Miguel de Breamo (ben inmovible, número rexistro: BIC.000.022)
- D) Comarca eumesa (paisaxe cultural, número de rexistro: BIC.000.110)

Artigo 2. Feito imponible

O feito imponible regulado na presente Ordenanza Fiscal será o acceso ou a utilización das instalacións dos seguintes Bens de Interese Cultural do Concello de Ponte deume:

- A) Castelo dos Andrade
- B) Torreón dos Andrade

Artigo 3. Suxeitos pasivos

Teñen carácter de suxeito pasivo as persoas que solicitan o acceso ou a utilización do Castelo ou ao Torreón dos Andrade.

Artigo 4. Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
2. Responderán subsidiariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

TÍTULO II. XESTIÓN DAS VISITAS AOS BENS DE INTERESE CULTURAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME

Artigo 5. Tarifas



1. O importe da taxa por entrada ou utilización do Castelo dos Andrade vén determinado polas seguintes tarifas:

CONCEPTO	IMPORTE
Entrada por persoa maior de 6 anos	1 €
Utilización para rodaxe cinematográfica	165 €/ día

2. O importe da taxa por entrada ou utilización do Torreón dos Andrade vén determinado polas seguintes tarifas:

CONCEPTO	IMPORTE
Entrada por persoa 0-64 anos	2 €
Entrada por persoa de 65 anos en adiante	1 €
Entrada para grupos de 20 ou máis persoas	1,50 €/persoa
Utilización para rodaxe cinematográfica	165 €/ día

Artigo 6. Pagamento da taxa

1. O ingreso da taxa no caso de entradas para a visita ao Castelo ou Torreón dos Andrade realizarase no propio despacho de billetes dos monumentos, no momento previo ao acceso por parte do interesado.

2. No caso de utilización do Castelo ou Torreón dos Andrade para rodaxe cinematográfica, haberá de realizarse solicitude no Rexistro do Concello de Pontedeume, e, tras a súa concesión, procederase ao ingreso da mesma a través de transferencia bancaria.

Artigo 7. Exencións

Exímese do pagamento das taxas reguladas na presente Ordenanza ás persoas que visiten o Castelo ou o Torreón dos Andrade a través de visitas organizadas por entidades educativas oficiais, públicas ou privadas, sempre que a visita teña carácter educativo e cultural. A exención esixirá previa solicitude no Rexistro do Concello de Pontedeume por parte da entidade educativa organizadora.

Artigo 8. Días de apertura gratuíta

1. Consonte ao establecido no artigo 48 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, o Concello de Pontedeume establecerá mediante decreto da alcaldía no último trimestre de cada ano o réxime de visitas públicas gratuítas ao Torreón e ao Castelo dos Andrade para o ano seguinte, garantindo un mínimo de 4 días de apertura gratuíta ao mes durante, polo menos, catro horas ao día, agás dispensa concedida consonte á normativa vixente. Á aprobación do decreto precederá a proposta do titular da Concellería que teña atribuídas as competencias da área de cultura.

2. Á entrada en vigor da presente ordenanza, o Concello de Pontedeume aplicará de xeito inmediato o mandato do artigo 48 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, establecendo o réxime de visitas públicas gratuítas ao Torreón e ao Castelo dos Andrade para o período restante do ano corrente, garantindo os períodos mínimos de visita gratuíta referidos no apartado 1 do presente artigo.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

A entrada en vigor da presente ordenanza supón a derogación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola visita ao Castelo e á Torre dos Andrade, publicada no BOP núm. 165, de 20 de xullo de 2005.

DISPOSICIÓN FINAL

Esta Ordenanza Fiscal entrará en vigor e comezará a aplicarse o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa."

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SEGUNDO. Someter o expediente a información pública, mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica municipal (<https://sede.pontedeume.gal>) e no Boletín Oficial da Provincia, durante trinta días, dentro dos que as persoas interesadas poderán presentar as reclamacións e/ou suxestións que estimen oportunas.

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Ponte deume en Ponte deume a 25 de xaneiro de 2019.”

A Presidencia abre a quenda para o debate...//...

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **4 votos a favor** dos representantes do Grupo Municipal do PsdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dña. Silvia Fornos Permuy e Dña. Marta Pico Machado e **3 abstencións** do resto dos señores concelleiros e concelleiras, do PP (2): Dña. M^a Carmen Piñeiro Varela e D. Andrés Pérez Pérez, e do BNG-AA(1): Dña. Ana Veira García.”

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra o portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular (PP), D. Andrés Pérez Pérez que di que tratándose dunha modificación cuxo obxecto é dar cumprimento á normativa, votarán a favor. Pide que se determine canto antes os catro días ao mes nos que o acceso aos Bens de Interese Cultural serán gratuítos.

De seguido intervén Dña. Ana Veira García, portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) recordando que dende o BNG se leva pedindo dende o inicio do mandato a actualización das ordenanzas e que polo tanto, celebra a modificación, aínda que sexa por motivos legais se ben di, isto non significa que se tivera que ter feito moito antes e agarda que se continúe coa modificación das restantes tal e como se ten solicitado polo seu grupo. No que respecta ao contido da ordenanza, pide que se estude e que se completase o contido xa que considera que se pode mellorar, poñendo como exemplo que se contemple a opción de adquirir as entradas para os distintos Bens nun mesmo paquete, como si hai noutros lugares, cunha contía menor ou algún tipo de bonificación. Dito isto, considera que se poderían ter establecido os días de acceso gratuítos dun xeito xenérico e pide que o decreto polo que se optou para o establecemento das ditas datas se dite no mes de xaneiro e que non se demore ata mediados de ano, coa súa publicidade nos lugares oportunos. Conclúe a súa intervención anunciando o voto a favor á proposta do seu grupo.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente a modificación da “Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola visita ao Castelo de Andrade e a Torre dos Andrade” coa redacción seguinte:

“ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA VISITA AO CASTELO DE ANDRADE E A TORRE DOS ANDRADE

PREÁMBULO

TÍTULO I. FUNDAMENTO E DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1. Fundamento legal



Artigo 2. Feito impoñible

Artigo 3. Suxeitos pasivos

Artigo 4. Responsables

TÍTULO II. XESTIÓN DAS VISITAS AOS BENS DE INTERESE CULTURAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME

Artigo 5. Tarifas

Artigo 6. Pagamento da taxa

Artigo 7. Exencións

Artigo 8. Días de apertura gratuíta

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

DISPOSICIÓN FINAL

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS ACTIVIDADES REALIZADAS NOS BENS DE INTERESE CULTURAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME

PREÁMBULO

Este texto pretende ser base normativa fundamental para a regulación das actividades realizadas nos bens de interese cultural do Concello de Pontedeume, no que se plasme o compromiso do Concello de Pontedeume coa salvagarda da súa historia e cultura, vencelladas de xeito inherente á identidade do pobo eumés.

TÍTULO I. FUNDAMENTO E DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. Fundamento legal

1. En atención ao establecido nos artigos 25.2.m) e 28 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases do Réxime Local, artigo 20.3.w do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e ás disposicións establecidas na Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, procédese á regulación das actividades realizadas nos Bens de Interese Cultural do Concello de Pontedeume.

2. Son Bens de Interese Cultural do Concello de Pontedeume incluídos no Rexistro de Bens de Interese Cultural de Galicia da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural os seguintes:

- A) Castelo dos Andrade (ben inmoble, número rexistro: BIC.000.434)
- B) Torreón dos Andrade (ben inmoble, número rexistro: BIC.000.017)
- C) Igrexa de San Miguel de Breamo (ben inmoble, número rexistro: BIC.000.022)
- D) Comarca eumesa (paisaxe cultural, número de rexistro: BIC.000.110)

Artigo 2. Feito impoñible

O feito impoñible regulado na presente Ordenanza Fiscal será o acceso ou a utilización das instalacións dos seguintes Bens de Interese Cultural do Concello de Pontedeume:

- A) Castelo dos Andrade
- B) Torreón dos Andrade

Artigo 3. Suxeitos pasivos

Teñen carácter de suxeito pasivo as persoas que solicitan o acceso ou a utilización do Castelo ou ao Torreón dos Andrade.

Artigo 4. Responsables

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2. Responderán subsidiariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

TÍTULO II. XESTIÓN DAS VISITAS AOS BENS DE INTERESE CULTURAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME

Artigo 5. Tarifas

1. O importe da taxa por entrada ou utilización do Castelo dos Andrade vén determinado polas seguintes tarifas:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

CONCEPTO	IMPORTE
Entrada por persoa maior de 6 anos	1 €
Utilización para rodaxe cinematográfica	165 €/ día

2. O importe da taxa por entrada ou utilización do Torreón dos Andrade vén determinado polas seguintes tarifas:

CONCEPTO	IMPORTE
Entrada por persoa 0-64 anos	2 €
Entrada por persoa de 65 anos en adiante	1 €
Entrada para grupos de 20 ou máis persoas	1,50 €/persoa
Utilización para rodaxe cinematográfica	165 €/ día

Artigo 6. Pagamento da taxa

1. O ingreso da taxa no caso de entradas para a visita ao Castelo ou Torreón dos Andrade realizarase no propio despacho de billetes dos monumentos, no momento previo ao acceso por parte do interesado.

2. No caso de utilización do Castelo ou Torreón dos Andrade para rodaxe cinematográfica, haberá de realizarse solicitude no Rexistro do Concello de Ponte deume, e, tras a súa concesión, procederase ao ingreso da mesma a través de transferencia bancaria.

Artigo 7. Exencións

Exímese do pagamento das taxas reguladas na presente Ordenanza ás persoas que visiten o Castelo ou o Torreón dos Andrade a través de visitas organizadas por entidades educativas oficiais, públicas ou privadas, sempre que a visita teña carácter educativo e cultural. A exención esixirá previa solicitude no Rexistro do Concello de Ponte deume por parte da entidade educativa organizadora.

Artigo 8. Días de apertura gratuíta

1. Consonte ao establecido no artigo 48 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, o Concello de Ponte deume establecerá mediante decreto da alcaldía no último trimestre de cada ano o réxime de visitas públicas gratuítas ao Torreón e ao Castelo dos Andrade para o ano seguinte, garantindo un mínimo de 4 días de apertura gratuíta ao mes durante, polo menos, catro horas ao día, agás dispensa concedida consonte á normativa vixente. Á aprobación do decreto precederá a proposta do titular da Concellería que teña atribuídas as competencias da área de cultura.

2. Á entrada en vigor da presente ordenanza, o Concello de Ponte deume aplicará de xeito inmediato o mandato do artigo 48 da Lei 5/2016, de 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia, establecendo o réxime de visitas públicas gratuítas ao Torreón e ao Castelo dos Andrade para o período restante do ano corrente, garantindo os períodos mínimos de visita gratuíta referidos no apartado 1 do presente artigo.

DISPOSICIÓN DEROGATORIA

A entrada en vigor da presente ordenanza supón a derogación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola visita ao Castelo e á Torre dos Andrade, publicada no BOP núm. 165, de 20 de xullo de 2005.

DISPOSICIÓN FINAL



Esta Ordenanza Fiscal entrará en vigor e comezará a aplicarse o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia (BOP) permanecendo vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.”

SEGUNDO. Someter o expediente a información pública, mediante anuncio no taboleiro de anuncios do Concello, na sede electrónica municipal (<https://sede.pontedeume.gal>) e no Boletín Oficial da Provincia, durante trinta días, dentro dos que as persoas interesadas poderán presentar as reclamacións e/ou suxestións que estimen oportunas.

3.- APROBACIÓN DE “MODELO DE ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS”.

A Secretaria da lectura ao Ditame da Comisión Informativa, que se transcribe a continuación:

" DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: EXTRAORDINARIA E URGENTE DE DATA LUNS 28 DE XANEIRO DE 2019
EXPDTE: 2019/G012/000002
SESIÓN Nº: 37/2015-2019

2.- APROBACIÓN DE “MODELO DE ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

PROPOSTA DE ACORDO

APROBACIÓN DE “MODELO DE ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS]

EXPEDIENTE 2019/G006/000006.

O Pleno do Concello de Pontedeume, celebrado en sesión ordinaria en data 28.07.2016, adoptaba o acordo relativo á vontade de adhesión do Concello de Pontedeume á “Asociación de Concellos do Camiño Inglés”, así como á aprobación da proposta de estatutos daquela para a súa constitución e a representación municipal na Asemblea.

Tendo en conta o informe emitido pola Secretaria municipal en data 19 de xullo de 2016 que segue sendo de aplicación para a adopción do presente acordo.

En data 29.11.2017, o Concello de Pontedeume, por acordo do Pleno, aprobaba unha modificación dos ditos estatutos, conforme a proposta achegada ao efecto.

Tendo en conta a nova proposta de Estatutos da “Asociación de Concellos do Camiño Inglés” remitida en data 4/10/2018 dende a sección de Turismo da Deputación da Coruña para continuar co proceso de inscrición da dita asociación no rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia.

Logo de que a dita proposta fose ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa para o Estudo, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno de 26.11.2019 e que o asunto fose retirado da orde do día da sesión do Pleno ordinario do mes de novembro, á vista de aclarar as discrepancias xurdidas no seo do expediente.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Tendo en conta o Informe da Intervención Municipal nº 14.2019 de 23.01.2019 e á vista do Informe da Secretaría Municipal de 25.01.2019.

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**, para o seu **DITAME** pola Comisión Informativa:

PRIMEIRO.- Ratificar a vontade do Concello de Ponte deume de adherirse á “Asociación de Concellos do Camiño Inglés”.

SEGUNDO.-Aprobar a proposta de estatutos, en substitución dos aprobados polo Pleno do Concello de Ponte deume en sesión ordinaria de 28.07.2016 e modificados en data 29.11.2017, a seguinte:

“ESTATUTOS ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS

CAPÍTULO I

DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º.-

1. *Constitúese unha asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e tendo en consideración a Disposición Adicional quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e demais disposicións legais. A asociación ten a seguinte denominación: “ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS”*

2.- *A asociación rexerese polos ditos estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.*

Artigo 2º.-

No momento da constitución o domicilio da asociación radicará na Casa Consistorial do Concello de Oroso. C/Isaac Diaz Pardo Sigüeiro 15888 provincia da Coruña e teléfono 981/691/478.

Artigo 3º.- *A asociación, en funcións dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da provincia da Coruña.*

Artigo 4º.-

1.- *A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en asemblea xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.*

2.- *A asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:*



- a. *Terá un carácter non lucrativo.*
 - b. *Para o cumprimento dos seus fins a Asociación contará cun orzamento formado por achegas anuais dos seus membros.*
 - c. *Todos os seus ingresos aplicaranse aos fins que constitúen o obxecto desta asociación, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre os asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.*
 - d. *O seu patrimonio será independente do dos seus asociados.*
 - e. *Os beneficios obtidos pola asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.*
 - f. *Anualmente a xunta directiva presentará á asemblea unha memoria económica do exercicio xa rematado, xunto cos xustificantes de gasto que deberán ser de valor legal. Esta memoria deberá ser aprobada pola asemblea de socios.*
 - g. *Para a contratación de servizos ou investimentos, a asociación estará suxeita á lexislación vixente de Contratos do Sector Público.*
3. *A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.*

Artigo 5º.-

1. Son fins principais da asociación:

Promover o desenvolvemento turístico dos concellos do Camiño Inglés, achegando a cooperación destas institucións locais e contando co apoio da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma, a Administración do Estado e mancomunidades ou outra forma de agrupación de concellos afectados polo Camiño Inglés.

Promover a defensa e mellora do patrimonio natural e histórico-artístico do Camiño Inglés.

Planificar e desenvolver iniciativas de desenvolvemento sostible do territorio do Camiño Inglés.

Canalizar a promoción turística do Camiño Inglés, así como a elaboración de programas turísticos e medioambientais.

Ofrecer o apoio necesario aos peregrinos que transitan polo roteiro xacobeo do Camiño Inglés.

Desenvolver relacións de reciprocidade entre os concellos e territorios, fomentando e propoñendo iniciativas concretas que favorezan incrementos do movemento turístico, a implantación nos mercados nacionais e internacionais e a identidade de conxunto do territorio entre as grandes rutas viaxeiras do mundo.

Incluír este proxecto no marco dos programas da Unión Europea e/ou doutras institucións, destinados a axudar a novas iniciativas que potencien os destinos turísticos europeos e que precisen da súa presentación de forma conxunta e coordinada.

Planificar actuacións turísticas e de difusión de imaxe conxunta, que se corresponda cos intereses dos membros desta Asociación.

Participar e colaborar activamente cos plans da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma e da Administración do Estado neste territorio.

Representar aos concellos do Camiño Inglés en cantos proxectos, convenios, acordos ou similares de carácter público ou privado se orienten ao cumprimento destes obxectivos e fins.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

*Procurar a unión de iniciativas que en materia de desenvolvemento e promoción do Camiño Inglés leven a cabo outros organismos públicos e privados.
Fomentar o contacto e relación con outras entidades de natureza análoga que teñen entre os seus fins a promoción e defensa das diversas variantes do Camiño de Santiago.*

2. Para levar a cabo os seus fins a asociación poderá:

- a. *Establecer as estruturas orgánicas e administrativas pertinentes.*
- b. *Facilitar o intercambio de información sobre temas relacionados co Camiño Inglés nos concellos membros.*
- c. *Constituír os servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros.*
- d. *Dirixirse aos poderes públicos e intervir con carácter consultivo, no seu caso, na formulación da normativa legal que afecte aos seus municipios.*
- e. *Organizar e participar en reunións, seminarios e congresos.*
- f. *Promover publicacións e documentos nas materias propias das súas competencias.*
- g. *Realizar calquera outra actividade con suxeición á lexislación vixente.*
- h. *Planificar e executar programas anuais en directa relación coa súa finalidade e obxectivos.*

CAPÍTULO II

DOS ASOCIADOS

Artigo 6º.-

1. *Poderán formar parte da asociación todos os concellos polos que transcorra o percorrido xacobeo do Camiño Inglés. O acordo de integración deberá ser adoptado polo órgano competente da corporación interesada, no que se expresará a súa vontade de adhesión e cumprimento dos presentes estatutos.*
2. *A alta será solicitada polo alcalde ou presidente da Corporación mediante escrito dirixido ao Presidente da asociación, quen dará conta á asemblea xeral, que acordará acceder ou non á admisión.*
3. *Calquera membro pode separarse previo acordo plenario da Corporación correspondente. Dita separación fornecerá efectos a partir da toma de coñecemento da asemblea xeral.*
4. *O membro que, por calquera causa, deixase de pertencer á asociación, acharase suxeito ao cumprimento dos compromisos e obrigacións contraídas.*

Artigo 7º.- Dereitos dos membros da asociación:

*Asistir con voz e voto ás asembleas e reunións que se celebren.
Ser candidatos aos cargos dos órganos de goberno.
Participar nas áreas da asociación.
Ter acceso aos arquivos, rexistros e documentos.*



Ter coñecemento da execución do orzamento.

Solicitar ao presidente reunir á asemblea xeral, segundo os casos, cando estimen que os seus dereitos foron vulnerados, sen prexuízo da impugnación de acordos e poidan formular segundo a lexislación vixente.

Artigo 8º.- Obrigas dos socios da asociación:

- a. *Cumprir os presentes estatutos e os acordos válidos da asociación e os seus órganos de goberno.*
- b. *Pagar as cotas regulamentarias e as achegas extraordinarias que, no seu caso, puidesen establecerse.*
- c. *Velar pola consecución dos fins propostos, cumprindo con exactitude as disposicións estatutarias e os regulamentos.*

Artigo 9º. A condición de socio alterarase por algún dos seguintes motivos:

- a. *Por acordo da corporación correspondente, segundo o disposto no artigo 6.3.*
- b. *Por deber máis dunha cota, perderase o dereito de voto nos órganos da asociación. Así mesmo, ningún concello con cotas pendentes poderá ser membro da xunta directiva.*
- c. *Os concellos que están neste suposto, verán reducida a súa presenza nas accións promocionais que a asociación desenvolva, así como nos materiais editados pola mesma durante ese período.*
- d. *Perderase a condición de socio da asociación, por falta de pagamento de 3 cotas ou máis, cando unha vez realizado o requirimento, pasasen máis de tres meses sen o pago das cotas debidas.*

Artigo 10º.- Membro amigo

1. *Poderán participar na asociación os denominados Membro Amigo que serán entidades públicas ou privadas que teñan entre os seus obxectivos o desenvolvemento, defensa e promoción do Camiño Inglés.*
2. *A condición de Membro Amigo supón que pode participar nas reunións e asembleas da asociación con voz pero sen voto, non poderá formar parte dos órganos de goberno e non ten a obriga do pagamento de cotas.*
3. *Para obter a condición de Membro Amigo a entidade ou organismo interesado deberá solicitar á presidencia a admisión argumentando o seu vencello co Camiño Inglés. Será a asemblea xeral a que acorde acceder ou non á admisión.*

CAPÍTULO III

DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 11º.- Os órganos de goberno da asociación son os seguintes:

- *Asemblea xeral onde están representados todos os socios.*
- *Xunta directiva, que é o órgano do goberno da asociación e está formada polo presidente, un vicepresidente, un secretario, un tesoureiro e tres vogais.*

Cada vogal representará aos seguintes treitos do Camiño Inglés e será escollido entre eles:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- *Treito Ferrol-Bruma (Mesía): Ferrol, Narón, Neda, Fene, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne e Betanzos.*
- *Treito A Coruña-Bruma (Mesía): A Coruña, Culleredo, Cambre, Carral e Abegondo.*
- *Treito Bruma (Mesía)-Santiago de Compostela: Mesía, Ordes, Oroso e Santiago de Compostela.*

Artigo 12º.- *A asemblea é o órgano soberano da asociación e está formada por todos os representantes das Corporacións asociadas, cargo que recaerá nas persoas que estas designen de conformidade coa súa normativa.*

Artigo 13º.- *Son competencias da asemblea xeral:*

- a. *Aprobar a modificación dos estatutos*
- b. *Aprobar o plan de actuacións da asociación*
- c. *Aprobar os orzamentos e contas xerais, así como o regulamento de réxime interno*
- d. *Aprobar as cotas ordinarias e achegas económicas extraordinarias*
- e. *Disolver a asociación*
- f. *Establecer a estrutura organizativa*
- g. *Aplicar o réxime disciplinario e sancionador nos supostos previstos nos Estatutos e Regulamento Interno que os desenvolven.*
- h. *Aprobar a admisión de novos socios e membros amigo.*

Artigo 14º.-

1. *As sesións que celebre a asemblea xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias.*
2. *A asemblea reunirase con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano, sendo convocada polo Presidente cun mínimo de sete días de antelación á data de celebración da mesma.*
3. *A asemblea reunirase con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario, sendo convocada pola presidencia ou a petición dun terzo dos socios. A convocatoria farase coa mesma antelación prevista no apartado anterior.*
4. *As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela dous terzos dos asociados con dereito a voto; en segunda convocatoria, que se celebrará polo menos media hora máis tarde da primeira, quedará constituída a asemblea sempre que asistan o presidente e polo menos un terzo dos socios, coa excepción regulada no artigo 25 para a modificación de estatutos. Exercerá a secretaría tanto da Asemblea Xeral como das reunións da xunta o secretario da asociación.*

Artigo 15º.- *Tanto para a asemblea ordinaria, como para a extraordinaria, a convocatoria haberá de facerse por escrito, expresando o lugar, o día e a hora de celebración da mesma.*



Acompañarase á convocatoria a Orde do Día, comprensiva dos asuntos a tratar, debéndose incluír naquela, necesariamente, calquera tema que estando dentro dos fins desta asociación, fose expresamente solicitado polo menos por un terzo dos membros.

Artigo 16º.- Os acordos adoptaranse por maioría. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do presidente.

Será necesario maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:

- a. Nomeamento das xuntas directivas e administradores
- b. Acordo para constituír unha federación de asociacións ou integrarse nelas
- c. Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado
- d. Modificación de estatutos
- e. Destitución do presidente
- f. Disolución da entidade

Artigo 17º.- As Asembleas estarán presididas polo presidente, asistido do secretario, quen levantará acta da sesión, na que se reflectirán as propostas e resolucións adoptadas.

Artigo 18º.- A presidencia da asociación será elixida entre os concellos que desexen ostentala e ratificada pola asemblea xeral. O vicepresidente, o secretario, o tesoureiro e os tres vogais que completan a xunta directiva tamén serán elixidos entre os asociados que se postulen. No caso de que non exista o número de concellos necesario para postularse para a xunta directiva, elixiranse entre aqueles concellos que aínda non ocuparan postos directivos.

A vicepresidencia substituirá á presidencia en caso de ausencia e en casos concretos poderá recibir a delegación do exercicio das súas competencias.

Artigo 19º.-

1. A duración do mandato do presidente será de dous (2) anos.
2. Calquera dos membros da Xunta Directiva cesarán nos seus cargos polas seguintes causas:
 - a. Por dimisión, comunicada por escrito á asemblea
 - b. Por perda da condición de membro da asociación
 - c. Por destitución mediante acordo da asemblea xeral en sesión extraordinaria, convocada a este só efecto, en tanto se celebre a seguinte asemblea xeral. Será necesario o voto da maioría absoluta dos asistentes.
3. As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 concellos, que exercerán as funcións de presidente, secretario e tesoureiro.

Artigo 20º.- O presidente da asociación serao tamén da asemblea, e terá as seguintes atribucións:

- a. Representar á asociación
- b. Tutelar a Oficina Técnica de Xestión

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- c. *Convocar e presidir as sesións da asemblea xeral, con voz, voto e voto de calidade*
- d. *Ordenar e autorizar pagos*
- e. *Asinar en nome da asociación cantos documentos públicos e privados sexan precisos para percibir calquera tipo de subvención, achegas derivadas de convenios e toda clase de cantidades e cobros por calquera concepto das Administracións Públicas e dos organismos delas dependentes ou doutras entidades, públicas ou non e para iso asinar os documentos públicos e privados que sexan precisos ou convenientes en nome da asemblea.*

CAPÍTULO IV

DOUTROS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 21º.- *A xunta directiva terá as seguintes atribucións:*

- a. *A aprobación do programa de traballo e proxectos da asociación.*
- b. *A fixación e execución do orzamento tendo en conta as liñas marcadas pola asemblea xeral, segundo os recursos económicos dos que se dispoña.*
- c. *O nomeamento dunha Comisión Revisora de Contas que examine os balances económicos-financeiros e inventario dos bens da asociación e dea parte á asemblea xeral.*
- d. *Executar os acordos da asemblea xeral.*
- e. *Decidir sobre cuestións reservadas á asemblea xeral en caso de extrema urxencia, debendo ser ratificadas ditas resolucións posteriormente pola asemblea xeral na seguinte sesión que celebre.*
- f. *Velar polo bo funcionamento da asociación.*
- g. *As competencias que o presidente ou a asemblea xeral deleguen nela.*

A duración do mandato dos membros de xunta directiva será de dous (2) anos, podendo seren reelixidos pola asemblea xeral seguindo os criterios do Capítulo III art. 18 dos presentes estatutos.

Artigo 22º.- *Secretaría e Tesourería*

1. Son funcións da secretaría:

- a. *A función de xefatura dos servizos administrativos da Asociación.*
- b. *Custodiar e levar ao día toda a documentación, arquivos e rexistros da asociación.*
- c. *Levantar actas dos acordos chegados na asemblea xeral e a xunta directiva e expedir certificacións destas co visto e prace do presidente.*

2. Son funcións da Tesourería:

- a. *Custodiar os fondos da asociación e levar en orde a contabilidade.*



- b. *Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida o presidente.*
- c. *Confeccionar os orzamentos anuais, os estados de contas e os balances da asociación.*

Artigo 23º.- *A asociación poderá dispor dunha xerencia Oficina Técnica de Xestión asumindo as responsabilidades como órgano de xestión.*

1. *A Oficina Técnica de Xestión de conformidade coas directrices marcadas pola Presidencia, establécese con orde a desenvolver coa maior eficacia técnica e profesional os obxectivos da asociación. De carácter eminentemente profesional haberá de resolver, planificar e executar os programas anuais. As funcións da Oficina Técnica de Xestión, incluídas as de xerencia, serán desempeñadas por persoal ou órganos técnicos vinculados ás corporacións das que forman a xunta directiva da asociación ou por persoal contratado pola Asociación.*

2. *Son funcións da xerencia en virtude dos acordos previos, sen menoscabo das que lle fosen encargadas pola presidencia, as seguintes:*

- *Asistencia técnica á presidencia e coordinación xeral dos proxectos e das accións da asociación.*
- *Propoñer ao presidente as accións técnicas e profesionais propias dos obxectivos da asociación.*
- *Relacións de carácter técnico e profesional coas Administracións Públicas e entidades privadas.*
- *Convocar reunións técnicas en cantas ocasións fosen necesarias para levar adiante as propostas profesionais derivadas dos obxectivos da asociación ou dos compromisos profesionais que puidesen xurdir.*
- *Elaborar os orzamentos anuais con desagregación por accións concretas e o orzamento de gastos e mantemento da Oficina Técnica de Xestión.*
- *Auxiliar e asesorar á presidencia e aos concellos membro respecto das estratexias para desenvolver, documentos técnicos á emitir e en cantas accións, plans e proxectos sexan de beneficio á asociación.*
- *Propoñer accións para a elaboración de produtos turísticos das cidades e establecer contactos e relacións coas empresas e servizos turísticos relacionados coa asociación.*
- *Planificar e organizar os programas anuais de traballo da Asociación en orde a conseguir os obxectivos que se expoñen para a mesma.*
- *Asistir e participar en cantas actividades e convocatorias públicas ou privadas sexan de interese para os obxectivos desta asociación.*

CAPÍTULO V

RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 24º.- *Patrimonio da asociación*

O patrimonio da Asociación pode estar integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica.

A asociación constitúese sen patrimonio inicial.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Artigo. 25º.- Dotación patrimonial da Asociación

A dotación patrimonial da Asociación estará integrada por tódolos bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da asociación e por aqueles outros que no sucesivo se aporten á mesma con ese carácter.

Artigo 26º.-

1. Os recursos da Asociación procederán de:
 - a. As cotas ordinarias de carácter anual que serán proporcionais tendo en consideración o censo de habitantes dos concellos membros.
 - b. As achegas extraordinarias que deberán ser ratificadas polos respectivos plenos .
 - c. As subvencións ou doazóns que se reciban.
 - d. Os rendementos propios do seu patrimonio e derivados das súas actividades e publicacións.
2. As cotas ordinarias terán carácter anual e serán determinadas en canto á súa contía pola asemblea xeral. Fixaranse as contías tendo en conta os seguintes tramos por número de habitantes:
 - Ata 5.000 habitantes
 - De 5.001 a 10.000 habitantes
 - De 10.001 a 30.000 habitantes
 - De 30.001 a 50.000 habitantes
 - De 50.001 a 100.000 habitantes
 - Máis de 100.000 habitantes
3. O abono das cotas deberá realizarse no primeiro trimestre do ano, sendo causa de apercibimento a falta de pagamento das mesmas.
4. A asociación levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como cantas obrigacións contables determinen as normas específicas que resulten de aplicación a esta asociación.
5. O exercicio económico coincidirá co ano natural e terminará o día 31 de decembro de cada ano excepto no caso de disolución da asociación, nese caso o peche será o da asemblea que aprobe a disolución. A data de apertura do exercicio económico coincidirá co 1 de xaneiro, excepto no caso da súa fundación que será a data da súa acta fundacional.

CAPÍTULO VI

MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Artigo 27º.-

A modificación de Estatutos deberá ser aprobada pola asemblea xeral en sesión extraordinaria. Para a súa constitución válida, será necesaria a presenza, en primeira convocatoria, de dous terzos dos seus membros. Na súa segunda convocatoria, quedará constituída validamente con polo menos tres dos asociados.



O acordo de modificación adoptarase por maioría absoluta dos asistentes.

CAPÍTULO VII

DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 28º.-

1. O acordo de disolución deberá ser adoptado en sesión extraordinaria pola Asemblea Xeral convocada para o efecto, e por unha maioría absoluta dos asistentes. Son causas de disolución da Asociación:

Por acordo da asemblea xeral extraordinaria

Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil

Por resolución xudicial e firme

2. Acordada a disolución, a Asemblea constituirase na Comisión Liquidadora, que procederá á liquidación da Asociación, repartindo o patrimonio social entre entidades benéficas, unha vez deducidos os recursos para o cumprimento das obrigas pertinentes.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira.- En calquera outro suposto non recollido nestes Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación."

TERCEIRO.- Ratificar a designación como representante titular da Corporación de Pontedeume na "Asociación de Concellos do Camiño Inglés" ao Sr. Alcalde-Presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro, e a Dona Yolanda Vázquez Busto, concelleira delegada de cultura comercio e turismo do concello de Pontedeume, como suplente do anterior.

No entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontedeume a 25 de xaneiro de 2019."

A Presidencia abre a quenda para o debate...//...

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **4 votos a favor** dos representantes do Grupo Municipal do PsdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dna. Silvia Fornos Permuy e Dna. Marta Pico Machado e **3 abstencións** do resto dos señores concelleiros e concelleiras, do PP (2): D. Francisco Javier Crespo Romeo e Dna. Ascensión de Vicente Olarte, e do BNG-AA(1): Dna. Ana Veira García."

A Presidencia abre a quenda para o debate, dando conta da orixe da proposta, que é a necesidade de adaptar os estatutos da entidade á lexislación, polo que di, trátase dun mero trámite administrativo. Indica que o obxecto da Asociación é o de establecer políticas conxuntas entre todos os concellos que a integran e acceder a subvencións e liñas de axudas. Di que o Concello de Pontedeume formará parte da Directiva.

D. Andres Perez Pérez, portavoz do Grupo Municipal do PP di que, tendo en conta que os informes da Intervención e da Secretaría son favorables, votarán a favor da proposta. Pregunta pola aportación económica do Concello.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O Sr. Presidente di que a aportación fixarase a posteriori.

Dna. Ana Veira García, portavoz do Grupo Municipal do BNG di que xa manifestaron o seu acordo favorable para coa proposta na Comisión. Fai referencia á dotación de tres mil euros que se destinou anteriormente á antiga entidade e ao criterio por número de habitantes. Considera que se trata dunha boa cousa para o fomento e a realización de actividades que doten de funcionamento o “Camiño Inglés”, e lle dar pulo en todos os eidos.

Concluídas as intervencións, sométense a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Ratificar a vontade do Concello de Ponte deume de adherirse á “Asociación de Concellos do Camiño Inglés”.

SEGUNDO.- Aprobar a proposta de estatutos, en substitución dos aprobados polo Pleno do Concello de Ponte deume en sesión ordinaria de 28.07.2016 e modificados en data 29.11.2017, a seguinte:

“ESTATUTOS ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS

CAPÍTULO I

DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1º.-

1. *Constitúese unha asociación sen ánimo de lucro das previstas na Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, e tendo en consideración a Disposición Adicional quinta da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, e demais disposicións legais. A asociación ten a seguinte denominación: “ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS”*

2.- *A asociación rexerese polos ditos estatutos, pola Lei orgánica 1/2002, de 22 de marzo e pola demais lexislación existente en materia de asociacións que lle sexa aplicable.*

Artigo 2º.-

No momento da constitución o domicilio da asociación radicará na Casa Consistorial do Concello de Oroso. C/Isaac Diaz Pardo Sigüeiro 15888 provincia da Coruña e teléfono 981/691/478.

Artigo 3º.- *A asociación, en funcións dos seus fins e do emprazamento do seu domicilio social, exercerá fundamentalmente as súas actividades no ámbito territorial da provincia da Coruña.*

Artigo 4º.-



1.- A asociación constitúese por tempo indefinido e só se disolverá, conforme a estes estatutos, pola vontade dos asociados expresada en asemblea xeral extraordinaria ou polas causas previstas na lexislación vixente.

2.- A asociación nace sen patrimonio propio e aterase no seu réxime económico ás seguintes premisas:

- a. Terá un carácter non lucrativo.
- b. Para o cumprimento dos seus fins a Asociación contará cun orzamento formado por achegas anuais dos seus membros.
- c. Todos os seus ingresos aplicaranse aos fins que constitúen o obxecto desta asociación, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre os asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
- d. O seu patrimonio será independente do dos seus asociados.
- e. Os beneficios obtidos pola asociación, derivados do exercicio de actividades económicas, incluídas as prestacións de servizos, deberán destinarse exclusivamente ao cumprimento dos seus fins, sen que caiba en ningún caso a súa repartición entre asociados, nin a súa cesión gratuíta a persoas físicas ou xurídicas con interese lucrativo.
- f. Anualmente a xunta directiva presentará á asemblea unha memoria económica do exercicio xa rematado, xunto cos xustificantes de gasto que deberán ser de valor legal. Esta memoria deberá ser aprobada pola asemblea de socios.
- g. Para a contratación de servizos ou investimentos, a asociación estará suxeita á lexislación vixente de Contratos do Sector Público.

3. A asociación rexerese segundo os principios democráticos contidos no marco da Constitución e o resto do ordenamento xurídico.

Artigo 5º.-

1. Son fins principais da asociación:

Promover o desenvolvemento turístico dos concellos do Camiño Inglés, achegando a cooperación destas institucións locais e contando co apoio da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma, a Administración do Estado e mancomunidades ou outra forma de agrupación de concellos afectados polo Camiño Inglés.

Promover a defensa e mellora do patrimonio natural e histórico-artístico do Camiño Inglés.

Planificar e desenvolver iniciativas de desenvolvemento sostible do territorio do Camiño Inglés.

Canalizar a promoción turística do Camiño Inglés, así como a elaboración de programas turísticos e medioambientais.

Ofrecer o apoio necesario aos peregrinos que transitan polo roteiro xacobeo do Camiño Inglés.

Desenvolver relacións de reciprocidade entre os concellos e territorios, fomentando e propoñendo iniciativas concretas que favorezan incrementos do movemento turístico, a implantación nos mercados nacionais e internacionais e a identidade de conxunto do territorio entre as grandes rutas viaxeiras do mundo.

Incluír este proxecto no marco dos programas da Unión Europea e/ou doutras institucións, destinados a axudar a novas iniciativas que potencien os destinos turísticos europeos e que precisen da súa presentación de forma conxunta e coordinada.

Planificar actuacións turísticas e de difusión de imaxe conxunta, que se corresponda cos intereses dos membros desta Asociación.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Participar e colaborar activamente cos plans da Deputación Provincial, da Comunidade Autónoma e da Administración do Estado neste territorio.

Representar aos concellos do Camiño Inglés en cantos proxectos, convenios, acordos ou similares de carácter público ou privado se orienten ao cumprimento destes obxectivos e fins.

Procurar a unión de iniciativas que en materia de desenvolvemento e promoción do Camiño Inglés leven a cabo outros organismos públicos e privados.

Fomentar o contacto e relación con outras entidades de natureza análoga que teñen entre os seus fins a promoción e defensa das diversas variantes do Camiño de Santiago.

2. Para levar a cabo os seus fins a asociación poderá:

- a. *Establecer as estruturas orgánicas e administrativas pertinentes.*
- b. *Facilitar o intercambio de información sobre temas relacionados co Camiño Inglés nos concellos membros.*
- c. *Constituír os servizos de asesoramento e asistencia para os seus membros.*
- d. *Dirixirse aos poderes públicos e intervir con carácter consultivo, no seu caso, na formulación da normativa legal que afecte aos seus municipios.*
- e. *Organizar e participar en reunións, seminarios e congresos.*
- f. *Promover publicacións e documentos nas materias propias das súas competencias.*
- g. *Realizar calquera outra actividade con suxeición á lexislación vixente.*
- h. *Planificar e executar programas anuais en directa relación coa súa finalidade e obxectivos.*

CAPÍTULO II

DOS ASOCIADOS

Artigo 6º.-

1. *Poderán formar parte da asociación todos os concellos polos que transcorra o percorrido xacobeo do Camiño Inglés. O acordo de integración deberá ser adoptado polo órgano competente da corporación interesada, no que se expresará a súa vontade de adhesión e cumprimento dos presentes estatutos.*

2. *A alta será solicitada polo alcalde ou presidente da Corporación mediante escrito dirixido ao Presidente da asociación, quen dará conta á asemblea xeral, que acordará acceder ou non á admisión.*

3. *Calquera membro pode separarse previo acordo plenario da Corporación correspondente. Dita separación fornecerá efectos a partir da toma de coñecemento da asemblea xeral.*

4. *O membro que, por calquera causa, deixase de pertencer á asociación, acharase suxeito ao cumprimento dos compromisos e obrigacións contraídas.*

Artigo 7º.- Dereitos dos membros da asociación:



*Asistir con voz e voto ás asembleas e reunións que se celebren.
Ser candidatos aos cargos dos órganos de goberno.
Participar nas áreas da asociación.
Ter acceso aos arquivos, rexistros e documentos.
Ter coñecemento da execución do orzamento.
Solicitar ao presidente reunir á asemblea xeral, segundo os casos, cando estimen que os seus dereitos foron vulnerados, sen prexuízo da impugnación de acordos e poidan formular segundo a lexislación vixente.*

Artigo 8º.- Obrigas dos socios da asociación:

- a. *Cumprir os presentes estatutos e os acordos válidos da asociación e os seus órganos de goberno.*
- b. *Pagar as cotas regulamentarias e as achegas extraordinarias que, no seu caso, puidesen establecerse.*
- c. *Velar pola consecución dos fins propostos, cumprindo con exactitude as disposicións estatutarias e os regulamentos.*

Artigo 9º. A condición de socio alterarase por algún dos seguintes motivos:

- a. *Por acordo da corporación correspondente, segundo o disposto no artigo 6.3.*
- b. *Por deber máis dunha cota, perderase o dereito de voto nos órganos da asociación. Así mesmo, ningún concello con cotas pendentes poderá ser membro da xunta directiva.*
- c. *Os concellos que están neste suposto, verán reducida a súa presenza nas accións promocionais que a asociación desenvolva, así como nos materiais editados pola mesma durante ese período.*
- d. *Perderase a condición de socio da asociación, por falta de pagamento de 3 cotas ou máis, cando unha vez realizado o requirimento, pasasen máis de tres meses sen o pago das cotas debidas.*

Artigo 10º.- Membro amigo

1. *Poderán participar na asociación os denominados Membro Amigo que serán entidades públicas ou privadas que teñan entre os seus obxectivos o desenvolvemento, defensa e promoción do Camiño Inglés.*
2. *A condición de Membro Amigo supón que pode participar nas reunións e asembleas da asociación con voz pero sen voto, non poderá formar parte dos órganos de goberno e non ten a obriga do pagamento de cotas.*
3. *Para obter a condición de Membro Amigo a entidade ou organismo interesado deberá solicitar á presidencia a admisión argumentando o seu vencello co Camiño Inglés. Será a asemblea xeral a que acorde acceder ou non á admisión.*

CAPÍTULO III

DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 11º.- Os órganos de goberno da asociación son os seguintes:

- *Asemblea xeral onde están representados todos os socios.*
- *Xunta directiva, que é o órgano do goberno da asociación e está formada polo presidente, un vicepresidente, un secretario, un tesoureiro e tres vogais.*

Cada vogal representará aos seguintes treitos do Camiño Inglés e será escollido entre eles:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- *Treito Ferrol-Bruma (Mesía): Ferrol, Narón, Neda, Fene, Cabanas, Pontedeume, Miño, Paderne e Betanzos.*
- *Treito A Coruña-Bruma (Mesía): A Coruña, Culleredo, Cambre, Carral e Abegondo.*
- *Treito Bruma (Mesía)-Santiago de Compostela: Mesía, Ordes, Oroso e Santiago de Compostela.*

Artigo 12º.- *A asemblea é o órgano soberano da asociación e está formada por todos os representantes das Corporacións asociadas, cargo que recaerá nas persoas que estas designen de conformidade coa súa normativa.*

Artigo 13º.- *Son competencias da asemblea xeral:*

- Aprobar a modificación dos estatutos*
- Aprobar o plan de actuacións da asociación*
- Aprobar os orzamentos e contas xerais, así como o regulamento de réxime interno*
- Aprobar as cotas ordinarias e achegas económicas extraordinarias*
- Disolver a asociación*
- Establecer a estrutura organizativa*
- Aplicar o réxime disciplinario e sancionador nos supostos previstos nos Estatutos e Regulamento Interno que os desenvolven.*
- Aprobar a admisión de novos socios e membros amigo.*

Artigo 14º.-

- As sesións que celebre a asemblea xeral poderán ser ordinarias e extraordinarias.*
- A asemblea reunirse con carácter ordinario polo menos unha vez ao ano, sendo convocada polo Presidente cun mínimo de sete días de antelación á data de celebración da mesma.*
- A asemblea reunirse con carácter extraordinario cantas veces sexa necesario, sendo convocada pola presidencia ou a petición dun terzo dos socios. A convocatoria farase coa mesma antelación prevista no apartado anterior.*
- As asembleas xerais, tanto ordinarias como extraordinarias, quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando concorran a ela dous terzos dos asociados con dereito a voto; en segunda convocatoria, que se celebrará polo menos media hora máis tarde da primeira, quedará constituída a asemblea sempre que asistan o presidente e polo menos un terzo dos socios, coa excepción regulada no artigo 25 para a modificación de estatutos. Exercerá a secretaría tanto da Asemblea Xeral como das reunións da xunta o secretario da asociación.*

Artigo 15º.- *Tanto para a asemblea ordinaria, como para a extraordinaria, a convocatoria haberá de facerse por escrito, expresando o lugar, o día e a hora de celebración da mesma.*

Acompañarase á convocatoria a Orde do Día, comprensiva dos asuntos a tratar, debéndose incluír naquela, necesariamente, calquera tema que estando dentro dos fins desta asociación, fose expresamente solicitado polo menos por un terzo dos membros.



Artigo 16º.- Os acordos adoptaranse por maioría. En caso de empate, decidirá o voto de calidade do presidente.

Será necesario maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:

- a. Nomeamento das xuntas directivas e administradores
- b. Acordo para constituír unha federación de asociacións ou integrarse nelas
- c. Disposición ou alleamento de bens integrantes do inmovilizado
- d. Modificación de estatutos
- e. Destitución do presidente
- f. Disolución da entidade

Artigo 17º.- As Asembleas estarán presididas polo presidente, asistido do secretario, quen levantará acta da sesión, na que se reflectirán as propostas e resolucións adoptadas.

Artigo 18º.- A presidencia da asociación será elixida entre os concellos que desexen ostentala e ratificada pola asemblea xeral. O vicepresidente, o secretario, o tesoureiro e os tres vogais que completan a xunta directiva tamén serán elixidos entre os asociados que se postulen. No caso de que non exista o número de concellos necesario para postularse para a xunta directiva, elixiranse entre aqueles concellos que aínda non ocuparan postos directivos.

A vicepresidencia substituirá á presidencia en caso de ausencia e en casos concretos poderá recibir a delegación do exercicio das súas competencias.

Artigo 19º.-

1. A duración do mandato do presidente será de dous (2) anos.
2. Calquera dos membros da Xunta Directiva cesarán nos seus cargos polas seguintes causas:
 - a. Por dimisión, comunicada por escrito á asemblea
 - b. Por perda da condición de membro da asociación
 - c. Por destitución mediante acordo da asemblea xeral en sesión extraordinaria, convocada a este só efecto, en tanto se celebre a seguinte asemblea xeral. Será necesario o voto da maioría absoluta dos asistentes.
3. As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 concellos, que exercerán as funcións de presidente, secretario e tesoureiro.

Artigo 20º.- O presidente da asociación serao tamén da asemblea, e terá as seguintes atribucións:

- a. Representar á asociación
- b. Tutelar a Oficina Técnica de Xestión
- c. Convocar e presidir as sesións da asemblea xeral, con voz, voto e voto de calidade
- d. Ordenar e autorizar pagos
- e. Asinar en nome da asociación cantos documentos públicos e privados sexan precisos para percibir calquera tipo de subvención, achegas derivadas de convenios e toda clase de cantidades e cobros por calquera concepto das

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Administracións Públicas e dos organismos delas dependentes ou doutras entidades, públicas ou non e para iso asinar os documentos públicos e privados que sexan precisos ou convenientes en nome da asemblea.

CAPÍTULO IV

DOUTROS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 21º.- A xunta directiva terá as seguintes atribucións:

- a. A aprobación do programa de traballo e proxectos da asociación.
- b. A fixación e execución do orzamento tendo en conta as liñas marcadas pola asemblea xeral, segundo os recursos económicos dos que se dispoña.
- c. O nomeamento dunha Comisión Revisora de Contas que examine os balances económicos-financeiros e inventario dos bens da asociación e dea parte á asemblea xeral.
- d. Executar os acordos da asemblea xeral.
- e. Decidir sobre cuestións reservadas á asemblea xeral en caso de extrema urxencia, debendo ser ratificadas ditas resolucións posteriormente pola asemblea xeral na seguinte sesión que celebre.
- f. Velar polo bo funcionamento da asociación.
- g. As competencias que o presidente ou a asemblea xeral deleguen nela.

A duración do mandato dos membros de xunta directiva será de dous (2) anos, podendo seren reelixidos pola asemblea xeral seguindo os criterios do Capítulo III art. 18 dos presentes estatutos.

Artigo 22º.- Secretaría e Tesourería

1. Son funcións da secretaría:

- a. A función de xefatura dos servizos administrativos da Asociación.
- b. Custodiar e levar ao día toda a documentación, arquivos e rexistros da asociación.
- c. Levantar actas dos acordos chegados na asemblea xeral e a xunta directiva e expedir certificacións destas co visto e prace do presidente.

2. Son funcións da Tesourería:

- a. Custodiar os fondos da asociación e levar en orde a contabilidade.
- b. Dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida o presidente.
- c. Confeccionar os orzamentos anuais, os estados de contas e os balances da asociación.

Artigo 23º.- A asociación poderá dispor dunha xerencia Oficina Técnica de Xestión asumindo as responsabilidades como órgano de xestión.



1. A Oficina Técnica de Xestión de conformidade coas directrices marcadas pola Presidencia, establécese con orde a desenvolver coa maior eficacia técnica e profesional os obxectivos da asociación. De carácter eminentemente profesional haberá de resolver, planificar e executar os programas anuais. As funcións da Oficina Técnica de Xestión, incluídas as de xerencia, serán desempeñadas por persoal ou órganos técnicos vinculados ás corporacións das que forman a xunta directiva da asociación ou por persoal contratado pola Asociación.

2. Son funcións da xerencia en virtude dos acordos previos, sen menoscabo das que lle fosen encargadas pola presidencia, as seguintes:

- Asistencia técnica á presidencia e coordinación xeral dos proxectos e das accións da asociación.
- Propoñer ao presidente as accións técnicas e profesionais propias dos obxectivos da asociación.
- Relacións de carácter técnico e profesional coas Administracións Públicas e entidades privadas.
- Convocar reunións técnicas en cantas ocasións fosen necesarias para levar adiante as propostas profesionais derivadas dos obxectivos da asociación ou dos compromisos profesionais que puidesen xurdir.
- Elaborar os orzamentos anuais con desagregación por accións concretas e o orzamento de gastos e mantemento da Oficina Técnica de Xestión.
- Auxiliar e asesorar á presidencia e aos concellos membro respecto das estratexias para desenvolver, documentos técnicos á emitir e en cantas accións, plans e proxectos sexan de beneficio á asociación.
- Propoñer accións para a elaboración de produtos turísticos das cidades e establecer contactos e relacións coas empresas e servizos turísticos relacionados coa asociación.
- Planificar e organizar os programas anuais de traballo da Asociación en orde a conseguir os obxectivos que se expoñen para a mesma.
- Asistir e participar en cantas actividades e convocatorias públicas ou privadas sexan de interese para os obxectivos desta asociación.

CAPÍTULO V

RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 24º.- Patrimonio da asociación

O patrimonio da Asociación pode estar integrado por toda clase de bens, dereitos e obrigas susceptibles de valoración económica.

A asociación constitúese sen patrimonio inicial.

Artigo. 25º.- Dotación patrimonial da Asociación

A dotación patrimonial da Asociación estará integrada por tódolos bens e dereitos que constitúen a dotación inicial da asociación e por aqueles outros que no sucesivo se aporten á mesma con ese carácter.

Artigo 26º.-

1. Os recursos da Asociación procederán de:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

- a. *As cotas ordinarias de carácter anual que serán proporcionais tendo en consideración o censo de habitantes dos concellos membros.*
 - b. *As achegas extraordinarias que deberán ser ratificadas polos respectivos plenos.*
 - c. *As subvencións ou doazóns que se reciban.*
 - d. *Os rendementos propios do seu patrimonio e derivados das súas actividades e publicacións.*
2. *As cotas ordinarias terán carácter anual e serán determinadas en canto á súa contía pola asemblea xeral. Fixaranse as contías tendo en conta os seguintes tramos por número de habitantes:*
 - *Ata 5.000 habitantes*
 - *De 5.001 a 10.000 habitantes*
 - *De 10.001 a 30.000 habitantes*
 - *De 30.001 a 50.000 habitantes*
 - *De 50.001 a 100.000 habitantes*
 - *Máis de 100.000 habitantes*
 3. *O abono das cotas deberá realizarse no primeiro trimestre do ano, sendo causa de apercibimento a falta de pagamento das mesmas.*
 4. *A asociación levará unha contabilidade que permita obter a imaxe fiel do patrimonio, do resultado e da situación financeira da entidade, así como cantas obrigacións contables determinen as normas específicas que resulten de aplicación a esta asociación.*
 5. *O exercicio económico coincidirá co ano natural e terminará o día 31 de decembro de cada ano excepto no caso de disolución da asociación, nese caso o peche será o da asemblea que aprobe a disolución. A data de apertura do exercicio económico coincidirá co 1 de xaneiro, excepto no caso da súa fundación que será a data da súa acta fundacional.*

CAPÍTULO VI

MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Artigo 27º.-

A modificación de Estatutos deberá ser aprobada pola asemblea xeral en sesión extraordinaria. Para a súa constitución válida, será necesaria a presenza, en primeira convocatoria, de dous terzos dos seus membros. Na súa segunda convocatoria, quedará constituída validamente con polo menos tres dos asociados.

O acordo de modificación adoptarase por maioría absoluta dos asistentes.

CAPÍTULO VII

DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 28º.-



1. O acordo de disolución deberá ser adoptado en sesión extraordinaria pola Asemblea Xeral convocada para o efecto, e por unha maioría absoluta dos asistentes. Son causas de disolución da Asociación:
Por acordo da asemblea xeral extraordinaria
Polas causas determinadas no artigo 39 do Código Civil
Por resolución xudicial e firme
2. Acordada a disolución, a Asemblea constituirase na Comisión Liquidadora, que procederá á liquidación da Asociación, repartindo o patrimonio social entre entidades benéficas, unha vez deducidos os recursos para o cumprimento das obrigas pertinentes.

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

Primeira.- En calquera outro suposto non recollido nestes Estatutos, aplicarase a vixente Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación."

TERCEIRO.- Ratificar a designación como representante titular da Corporación de Pontedeume na "Asociación de Concellos do Camiño Inglés" ao Sr. Alcalde-Presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro, e a Dona Yolanda Vázquez Busto, concelleira delegada de cultura comercio e turismo do concello de Pontedeume, como suplente do anterior.

4.- MODIFICACIÓN Nº1 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

O Sr. Presidente da a palabra a Dna. Ana Veira García, portavoz do Grupo Municipal do BNG, quen pide intervir antes de que se trate o punto para aclarar unhas afirmacións que se teñen realizado na Comisión Informativa por parte do Sr. Alcalde, e pide que conste en acta, procedendo a ler un texto que se transcribe no seu literal:

"O pasado luns 28 tivo lugar a Comisión informativa permanente para estudo, informe e consulta de asuntos xerais do pleno. No seu desenvolvemento o Sr. Bernardo Fernández realizou, en varias ocasións, afirmacións sobre o grupo que represento e de persoas do mesmo que poden ser consideradas difamatorias (difamar: dicir de alguén cousas que prexudican a súa fama e honradez) e que son unha auténtica mentira (mentira: afirmación falsa que se di coa intención de enganar).

A devandita comisión está formada por cargos electos das tres formacións políticas do concello, así como pola secretaria e a interventora.

O tema da discusión era a eliminación dos postos de conserxes nos centros escolares, máis concretamente no CEIP Couceiro Freijomil.

O señor Fernández sentenciou que a contratación da empresa Galilandia correu a cargo do concelleiro do BNG. Responsabilizando á persoa e ao BNG como grupo.

Paso a explicar os feitos:

- 1.- *As eleccións municipais do ano 2007 deron o goberno ao Partido Popular.*
- 2.- *O Sr. Bernardo Fernández foi concelleiro dende ese ano 2007 polo que sabía todo o que vou expoñer.*
- 3.- *No CEIP Couceiro Freijomil había un conserxe dependente do concello ata a súa xubilación.*
- 4.- *O 27 de marzo do 2008, segundo consta no BOP, o concello fai un anuncio de OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO e nela aparecen convocada para Persoal laboral prazas de conserxe.*
- 5.- *Os grupos da oposición non están de acordo coas bases para contratar persoal.*

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

6.- Realízanse os exames legalmente establecidos e cúbrese a praza, quedando ademais lista para posibles incidencias.

7.- O 20 de maio de 2008 toma posesión a traballadora.

8.- Posteriormente esta solicita redución de xornada.

9.- O 30 de abril do 2009 mediante resolución da alcaldía: acórdase contratar a un traballador/a substituto para o posto de conserxe, contratación laboral temporal a tempo parcial, baixo a modalidade de contrato de interinidade, polo período que medie dende o 6 de maio de 2009 en tanto o traballador substituído exercite o dereito legal de xornada por coidado dun menor ou ata a cobertura polo procedemento legal, da praza vacante como consecuencia da xubilación do titular.

10.- O 6 de maio do 2009 faise efectiva a redución de xornada da titular.

11.- Esta situación continúa ata o 18 de outubro de 2011, en que a titular deixa o posto de conserxe para incorporarse a outro posto de traballo fóra do concello de Ponte deume.

12.- O grupo de goberno do PP, nese momento toma a decisión de rescindir o contrato da persoa que cubría o tempo de redución de xornada e contratar a empresa GALILANDIA para este servizo. Polo que é o único responsable da decisión.

Habería que facerse moitas preguntas sobre este procedemento.

Porque non se "tirou" da lista inicial para a redución de xornada? Se a substituta fixo un exame e tiña contrato de interinidade porque no continuou no posto? Que motivos houbo para contratar unha empresa?... mais isto é outro episodio na historia deste concello.

13.- Durante todo este tempo o Sr. Bernardo Fernández tiña o compromiso coa cidadanía eumesa, pois era concelleiro electo e coñecedor destes feitos.

14.- Dos presentes na devandita comisión informativa do día 28 de xaneiro do 2019, só o Sr. Fernández posuía a información do que tiña pasado, xa que era a única persoa dos alí presentes que estaba no concello nesas datas.

É moi rechamante que aínda así, aseverou, incluso con certa vehemencia, que os feitos foran doutra maneira. Aludindo a persoas e grupos políticos que nada tiñan que ver.

Por todo o exposto SOLICITO a o Sr. Fernández A RECTIFICACIÓN DAS SÚAS AFIRMACIÓNS."

Toma a palabra o Sr. Presidente. D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se da por feito que tiña esa información porque era membro da Corporación pero que non se pode lembrar de todo. Asume que foi un erro pola súa parte e que non ten problema en rectificar. Indica que a empresa contratada para a xestión da conserxería foi a mesma que no seu día contratou o goberno integrado polo PSOE e o BNG para as conserxerías doutras instalacións municipais (pavillón e centro de mariores), e que foi isto o que o levou a confusión. Dito isto, cualifica como hipocresía a afirmación por parte do BNG na Comisión que se están a privatizar os servizos públicos, cando o BNG privatizou no seu día, sen modificar a RPT, e considera que as privatizacións son igual de malas unhas que outras. Defende a modificación da RPT para a creación de novas prazas e dotar de persoal ás distintas áreas co obxecto do bo funcionamento do Concello, tendo en conta o volume de traballo dos departamentos municipais dos que depende a tramitación administrativa e que requiren de persoal.

Dna. Ana Veira García di que non estaba na época á que se refire o Sr. Alcalde, polo que buscará información ao respecto se ben considera que a adopción dunha decisión puntual nun determinado momento non significa que fose ter carácter definitivo. Dito isto, considra que se os postos se eliminan da RPT supón unha externalización de facto, xa que desaparecen, e que son cousas moi diferentes.



De seguido, a Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO

SESIÓN: EXTRAORDINARIA E URXENTE DE DATA LUNS 28 DE XANEIRO DE 2019

EXPDTE: 2019/G012/000002

SESIÓN Nº: 37/2015-2019

3.- MODIFICACIÓN Nº1 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

MODIFICACIÓN Nº1 DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO (RPT) DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

EXPEDIENTE: 2019/X999/000014

Vista a Providencia de Alcaldía de 24 de xaneiro de 2019, na que constan os antecedentes de feito, que se transcriben en parte:

Visto que por acordo plenario de 22 de febreiro de 2007 aprobouse unha Relación de Postos de Traballo (RPT), acordo publicado no BOP número 48, de 28 de febreiro de 2007.

Visto que a dita RPT non se axusta á estrutura organizativa que este Concello require con todas as novas funcións que se desenvolven e coa implantación da administración electrónica a que obriga a Lei,

Visto que con data do 21/06/2017 ditouse o Decreto número 325/2017, se indicaba que:

"(...) Tendo en conta que esta Alcaldía dende a súa toma de posesión en xullo de 2015 ven detectando carencias na plantilla de persoal de que dispón o concello de Pontedeume dende a aprobación da Relación de postos de traballo no ano 2007, así como problemas de organización do persoal municipal, que impiden dar cumprimento as esixencias legais que ten este concello, que se viron incrementadas a través das modificacións legislativas tanto por parte do Estado como da Xunta de Galicia destes últimos anos, que xeraron cada vez unha maior carga de traballo e maior complexidade nos procedementos administrativos.

Tendo en conta que esta situación está a provocar nos últimos anos moitos problemas no funcionamento normal da administración municipal, a maior parte deles herdados da falta de persoal nos distintos servizos municipais o que impiden que as medidas a adoptar por este equipo de goberno, dende a súa toma de posesión, poidan ter a solución áxil que se pretende, debido á falta de persoal suficiente en departamentos municipais troncais e de suma importancia para poder desenvolver as competencias que se esixen aos concellos.

Asimesmo as demandas de servizos por parte da cidadanía non poden ser cubertas polas limitacións recollidas na RPT existente, que en dez anos de vixencia está obsoleta e non é acorde cos servizos públicos e as necesidades administrativas que ten que ter un concello co volumen de traballo e de expedientes como éno de Pontedeume (...)" acordouse:

"Adxudicar a contratación do servizo para a modificación da relación de postos de traballo (RPT) do Concello de Pontedeume" (Expte 2017/C002/000006), á empresa J&L Tudó Consulting, S.L. nas condicións establecidas no presente decreto de adxudicación"

Visto que o dito traballo completouse e se realizaron diversas mesas de negociación cos consecuentes cambios no documento presentado inicialmente, e tendo en conta que a dita modificación afectaba a todos os postos de traballo existentes, este equipo de goberno decidiu deixar as ditas negociacións e aprobación do documento, de ser o caso, para un momento posterior no tempo por non acadarse os apoios e respaldo suficiente e non sendo posible retomar neste momento ese documento pola urxencia de dar solución ao problema de creación de postos de traballo indispensables para dar unha cobertura mínima ás novas esixencias legais de tramitación e implantación de administración electrónica así como ao volume de

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

traballo existente e a carencia de persoal para desenvolvelo, cada vez máis acuciante, Visto que neste Concello de Ponte deume resulta necesario realizar unha serie de modificacións na relación de postos de traballo vixente, sendo que nela se recollen postos que na súa maioría nunca foron cubertos, e outros que están vacantes dende hai anos, que non resultan nin estruturais nin necesarios, razón pola que se pretende a súa amortización, Visto o documento presentado co número R.E. 20190000000241 da modificación puntual que se pretende, que é a seguinte:

POSTOS DE TRABALLO QUE SE AMORTIZAN:

Trátase dun total de 12 postos de traballo; 3 de funcionario e 9 de laboral fixo.

Na área económico-financeira:

02.00.00.02.04 Tesoureiro (Administrativo). Posto de funcionario.

Na área de policía:

04.00.00.01.01 Sarxento (Suboficial). Posto de funcionario.

Na área de obras e servizos públicos:

05.01.00.02.04 Oficial 2ª (unidade de obras). Posto de laboral.

05.02.00.03.15 Peón de xardinería (unidade de parques e xardíns). Posto de laboral.

05.05.02.03.24 Barrendeiro (unidade de limpeza). Posto laboral.

05.06.00.02.39 Conserxe (unidade de mantemento de colexios públicos). Posto de laboral.

05.06.00.02.40 Conserxe (unidade de mantemento de colexios públicos). Posto de laboral.

Na unidade de servizos sociais:

06.02.00.03.06 Conserxe (unidade de dinamización social). Posto de laboral; na área de formación, emprego de desenvolvemento local.

07.00.00.01.01 Técnico superior en formación, emprego e desenvolvemento. Posto de funcionario.

07.00.00.03.04 Orientador laboral. Posto de laboral.

Na área de deporte:

08.00.00.03.03 Conserxe. Posto laboral.

Na área de cultura:

09.00.00.03.03 Encargado de oficina de turismo. Posto de laboral.

POSTOS DE TRABALLO DE NOVA CREACIÓN:

Trátase dun total de 11 postos de traballo, todos de funcionario; un deles con habilitación de carácter nacional:

Na unidade de administración xeral e réxime interno:

01.00.00.02.08 Técnico de xestión. Posto de funcionario.

01.00.00.03.09 Administrativo. Posto de funcionario.

01.00.00.03.10 Auxiliar administrativo. Posto de funcionario.

01.00.00.03.11 Auxiliar administrativo (unidade de contratación). Posto de funcionario.

Na área económico-financeira:

02.00.00.01.08 Tesoureiro. Posto de funcionario con habilitación de carácter nacional.

02.00.00.03.09 Administrativo (unidade de intervención). Posto de funcionario.

02.00.00.03.10 Administrativo (unidade de tesourería). Posto de funcionario.

02.00.00.03.11 Auxiliar administrativo (unidade de intervención). Posto de funcionario.

Na área de urbanismo:

03.00.00.01.02 Arquitecto. Posto de funcionario.

03.00.00.03.06 Auxiliar administrativo. Posto de funcionario.

Na área de cultura:

09.00.00.02.03 Técnico de turismo. Posto de funcionario.

Visto que para a realización destas modificacións realizáronse as xuntanzas coa mesa xeral de negociación segundo a lexislación vixente dos seus compoñentes (sindicatos maioritarios e cos representantes tanto do persoal funcionario como laboral deste Concello), co voto favorable de sindicato CSIF, UXT, a abstención do sindicato MAS, e o voto en contra de CIG (Actas de Mesa de Negociación de 27 de novembro de 2018 e 10 de decembro de 2018).



Vista a valoración de postos de nova creación, así como a memoria e os postos a amortizar que figura no expediente.

Visto que as valoracións dos postos de nova creación foron realizadas segundo os baremos utilizados na elaboración da relación de postos de traballo vixente no Concello de Pontedeume e seguinte a mesma metodoloxía de cálculo e valoración recollida nela, de forma que os complementos previstos son homoxéneos ás categorías de postos similares xa existentes na RPT vixente, para evitar que a iguais funcións haxa diferentes retribucións,

No referente as retribucións complementarias do posto de Tesoureiro, faise constar que se atende á valoración dos postos de habilitación nacional de Secretaría e de Intervención, pero minoradas con respecto a estes debido a que este Concello ten realizada a delegación da maior parte da recadación en voluntaria, así como todo a recadación executiva, no servizo de recadación da Deputación Provincial da Coruña.

Visto o Informe da Secretaria e Interventora de data 25 de xaneiro de 2019.

ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación nº 1 do documento da Relación de Postos de Traballo deste Concello, co contido do documento de modificación de relación de postos de traballo que determina a fundamentación, organigrama, postos de traballo a crear e amortizar e valoración dos mesmos:

POSTOS DE TRABALLO QUE SE AMORTIZAN:

Trátase dun total de 12 postos de traballo; 3 de funcionario e 9 de laboral fixo.

Na área económico-financeira:

02.00.00.02.04 Tesoureiro (Administrativo). Posto de funcionario.

Na área de policía:

04.00.00.01.01 Sarxento (Suboficial). Posto de funcionario.

Na área de obras e servizos públicos:

05.01.00.02.04 Oficial 2ª (unidade de obras). Posto de laboral.

05.02.00.03.15 Peón de xardinería (unidade de parques e xardíns). Posto de laboral.

05.05.02.03.24 Barrendeiro (unidade de limpeza). Posto laboral.

05.06.00.02.39 Conserxe (unidade de mantemento de colexios públicos). Posto de laboral.

05.06.00.02.40 Conserxe (unidade de mantemento de colexios públicos). Posto de laboral.

Na unidade de servizos sociais:

06.02.00.03.06 Conserxe (unidade de dinamización social). Posto de laboral; na área de formación, emprego de desenvolvemento local.

07.00.00.01.01 Técnico superior en formación, emprego e desenvolvemento. Posto de funcionario.

07.00.00.03.04 Orientador laboral. Posto de laboral.

Na área de deporte:

08.00.00.03.03 Conserxe. Posto laboral.

Na área de cultura:

09.00.00.03.03 Encargado de oficiña de turismo. Posto de laboral.

POSTOS DE TRABALLO DE NOVA CREACIÓN:

Trátase dun total de 11 postos de traballo, todos de funcionario; un deles con habilitación de carácter nacional:

Na unidade de administración xeral e réxime interno:

01.00.00.02.08 Técnico de xestión. Posto de funcionario.

01.00.00.03.09 Administrativo. Posto de funcionario.

01.00.00.03.10 Auxiliar administrativo. Posto de funcionario.

01.00.00.03.11 Auxiliar administrativo (unidade de contratación). Posto de funcionario.

Na área económico-financeira:

02.00.00.01.08 Tesoureiro. Posto de funcionario con habilitación de carácter nacional.

02.00.00.03.09 Administrativo (unidade de intervención). Posto de funcionario.

02.00.00.03.10 Administrativo (unidade de tesourería). Posto de funcionario.

02.00.00.03.11 Auxiliar administrativo (unidade de intervención). Posto de funcionario.

Na área de urbanismo:

03.00.00.01.02 Arquitecto. Posto de funcionario.

03.00.00.03.06 Auxiliar administrativo. Posto de funcionario.

Na área de cultura:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

09.00.00.02.03 Técnico de turismo. Posto de funcionario.

SEGUNDO. Expor ao público a mencionada modificación, durante o prazo de quince días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do correspondente anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno. A relación considerárase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

TERCEIRO. Una vez aprobada definitivamente, a modificación da Relación de Postos de Traballo publicarase integramente no *Boletín Oficial da Provincia* e remitirase una copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Ponte deume, a 25 de xaneiro de 2019"

A Presidencia abre a quenda para o debate...//...

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **4 votos a favor** dos representantes do Grupo Municipal do PsdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dna. Silvia Fornos Permuy e Dna. Marta Pico Machado e **3 abstencións** do resto dos señores concelleiros e concelleiras, do PP (2): D. Francisco Javier Crespo Romeo e Dna. Ascensión de Vicente Olarte, e do BNG-AA(1): Dna. Ana Veira García."

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Toma a palabra D. José Simoes Couceiro, concelleiro de Persoal e Réxime Interno quen defende a modificación da RPT, como se fai noutras administracións, que cualifica de obsoleta dende a súa aprobación no ano 2007 e que se trata dun documento vivo, non finalista. Di que o goberno toma a decisión dunha modificación puntual logo de se ter feito unha planificación anterior cun proxecto distinto, indicando que se retomará, case seguro, no vindeiro mandato. Indica que esta modificación puntual en derivada da falla de persoal nas distintas unidades para a realización do traballo diario que leva ao concello a unha parálise. Fai referencia á potestade de autoorganización do goberno local e que foi sometido a negociación coa representación sindical. Sobre a supresión dos postos de conserxe, di que se suprimiron pola necesidade de amortizar postos tendo en conta que non se pode incrementar o teito de gasto e que non estaban cubertas e que, pola información que ten, nunca se cubriron. Di que se amortizan os postos onde se considerou que menos dano facía e que se trata dunha decisión do goberno local coa que seguirán a diante.

De seguido toma a palabra D. Andrés Pérez Pérez. O portavoz do Grupo Municipal do PP di que, se ben poderían estar dacordo coas prazas de nova creación, hai circunstancias que non lles gustan, facendo referencia á votación da modificación da RPT nunha asemblea de traballadores de persoal laboral, dando conta da votación e que, co resultado desta, non entende como o goberno local non retirou a proposta. Cuestiona a lexitimidade da votación dun sindicato na mesa de negociación á que se someteu a proposta, que fundamenta no articulado do estatuto dos traballadores (art. 10.3. segundo). Sobre os postos de nova creación, pregunta se se ten solicitado ao Ministerio a posibilidade de cubrición dos ditos postos.

D. José Simoes Couceiro di que para modificar a RPT non se necesita autorización e que a negociación realízase coa representación sindical, que é quen leva á mesa as decisións.



O Sr. Pérez Pérez retoma a súa intervención dicindo que non entende que se amorticen postos en obras, en relación ao “barrendeiro” cando se está a contratar persoal para estas funcións por medio dunha empresa. Di que a creación dunha nova praza de arquitecto pode dar fluidez ao departamento, se ben dubida desta necesidade, nunha comparativa con outros concellos. Conclúe a súa intervención anunciando o voto en contra do seu grupo á proposta.

O Sr. Alcalde-Presidente, tras a intervención do portavoz do Partido Popular di que están a poñer en dúbida o procedemento e que un funcionario velou pola legalidade do documento. Indica que a lei, o que obriga é a negociar se ben a capacidade de autoorganización é do goberno, non sendo vinculante a votación. Di que ó un sindicato votou en contra e que independentemente do resultado da votación, podería ser arobada igual, por non ser necesario, legalmente, chegar a acordo. Considera que o Sr. Pérez non sabe do que fala e confunde o que foi o proceso anterior, que implicaba unha valoración dos postos e que xa dixo no seu momento que non se ía aprobar se había xente que votaba en contra dunha suba salarial, coa repercusión que iso podería ter.; e que o que se trae agora é unha modificación puntual. Di que o posto de barrendeiro que se contrata é para polas tardes, fóra do horario do persoal municipal.

De seguido toma a palabra Dna. Ana Veira García. A Sra. Veira di que a súa postura no respecto á modificación da RPT, xunto coa do ámbito sindical á que dende o goberno local se fixo referencia na comsión, é unha cuestión política xa que considera que se trata dunha forma de entender o organigrama do Concello e unha defensa dos postos de traballo públicos e que ambas van unidas. Di que lle parece triste que a un representante do psoe o non lle importe a votación dunha asemblea de traballadores, independentemente de que legalmente non sexa vinculante e tendo en conta a capacidade do goberno de adoptar a decisión, cuestionando a defensa do socialismo por parte do psoe e por tanto, os servizos públicos. Considera unha boa cousa nesta modificación que todos os postos de traballo que se crean sexan de funcionario e fai referencia á praza de capataz-encargado que levan moito tempo pedindo e que dende o goberno local se indica que si se considera necesario, pero non neste momento, e que nesta modificación se crean moitos postos “arriba” e poucos por “abaixo”, de postos de rúa. Sobre a cuestión dos conserxes di que as prazas si están cubertas, por persoal dunha empresa privada e non como deberían, tendo en conta o posto e a información que manexan, non considerando acertada a previsión de que os vai asumir a Consellaría de Educación e que, de ser o caso, os postos irían con xente, como sucedeu noutros casos, poñendo como exemplo o “SERGAS”. Conclúe a súa intervención defendendo o emprego público como mellor garantía dos dereitos dos traballadores e facéndose a pregunta de que se fará co posto de arquitecto cando remate o traballo que cualifica como “gordo” en relación ao PEPRI, mercado... por consideralas cousas puntuais. Anuncia que, en principio, o voto do BNG vai ser en contra desta modificación e que cre que os traballadores deben ser escoitados.

[Abandona a sesión D. Francisco Javier Crespo Romeo sendo as 13h35min]

Intervén o Sr. Alcalde-Presidente na defensa da postura do goberno en tanto que parece que o goberno aproba a modificación da RPT en contra da mesa de negociación. Indica que só un sindicato votou en contra e que o outro se abstivo e o outro a favor e que por tanto, non se trata dun arrebatado de autoritarismo e defende a labor do goberno local a prol dos traballadores fronte a etapas anteriores, poñendo como exemplo a proposta de regulación dos beneficios económicos do persoal do Concello de Pontedeume na situación de incapacidade temporal, a convocatoria das axudas sociais. Sobre a convocatoria da praza de capataz di que non ten sentido neste momento a súa contratación xa que en vías e obras só hai un operario, polo que primeiro habería que quitar o resto das prazas e logo convocar a de encargado. Di que o que fan é racionalizar a RPT para dar cobertura ás necesidades da administración neste momento, que teñen mudado e defende o documento tendo en conta que se manteñen dúas prazas de oficiais de primeira, barrendeiros...e di que non se está a privatizar algo que non estivera con anterioridade, en alusión á etapa de goberno do PSOE-BNG. Indica que, para crear unha praza é necesario eliminar outras, para non superar o teito de gasto e pregunta á oposición cales serían as prazas que suprimirían eles. Defende a creación da praza de arquitecto en tanto , na actualidade, se está a externalizar a redacción de proxectos porque, polo volume de traballo,

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

non se pode asumir polo persoal do departamento; da conta das distintas actuacións que se levan a cabo en Urbanismo, facendo referencia ás características de Ponte deume e ao elevado volume de traballo da área, que se reforza tamén cun auxiliar administrativo. Di que a modificación da lei de contratos esixe moitas cousas que antes non existían e que, por tanto, é necesaria a creación de postos para a tramitación da contratación administrativa, ao igual que é necesario a contratación dun habilitado para a Tesourería municipal e dotar de persoal administrativo a unidade, sen acudir á contratación por acumulación de tarefas actual. Conclúe a súa intervención dicindo que fai falta que o Concello funcione ben, con mais axilidade e que non ten dúbida que esta modificación da RPT vai dar os seus froitos, facendo referencia ao contido dos informes dos distintos departamentos nos que se pon de manifesto a falla de persoal.

De seguido, toma a palabra Dña. Ana Veira García para aclarar que non están dicindo que non se faga un reforzo de persoal se non que ao mellor se pode facer doutro xeito, en tanto que entende que os proxectos tamén poden ser redactados por arquitectos técnicos. Di que lle parece increíble que hai uns meses retiraran a modificación dunha RPT porque os traballadores non estaban de acordo e que por isto a deixaron enriba da mesa; pregunta por cando este goberno vai empezar a pagar as axudas sociais pendentes, xa que levan sen se convocar dende as do 2013.... . Di que sí están de acordo en reforzar os servizos e que o que dúbida é que iso sexa a forza de amortizar determinados postos cos que non están de acordo e pide ao goberno que coloque adecuadamente aquilo que está, en relación ás prazas de técnico de cultura, de desenvolvemento local e deportes. Xustifica o voto en contra do seu grupo en tanto que cre que habería unha mellor maneira de facer a modificación.

D. José Simoes Couceiro di que, en alusión á intervención da Concelleira do BNG, rogaría que non se viñera aquí a falar do seu pasado nin da súa vida laboral.

Dña. Ana Veira García di, e pide que conste en acta, que en ningún momento fixo alusión a ningunha cuestión persoal de ninguén.

Pecha o debate D. Bernardo Fernández Piñeiro coa defensa da proposta tendo en conta o volume de expedientes que se tramitan no Concello así como poñendo como exemplo o exercizo das direccións de obra, que non pode asumir un arquitecto técnico.

Concluídas as intervencións, sométense a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

ADOPTADO por **MAIORÍA** de **6 votos a favor** das concelleiras e concelleiros do Grupo Municipal do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dña. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dña. Yolanda Vázquez Busto, Dña. Silvia Fornos Permuy, Dña. Marta Pico Machado,; e **4 votos en contra** dos/as membros do Grupo Municipal do PP(2): Dña. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez; e do BNG(2): Dña. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar inicialmente a modificación nº 1 do documento da Relación de Postos de Traballo deste Concello, co contido do documento de modificación de relación de postos de traballo que determina a fundamentación, organigrama, postos de traballo a crear e amortizar e valoración dos mesmos:

POSTOS DE TRABALLO QUE SE AMORTIZAN:

Trátase dun total de 12 postos de traballo; 3 de funcionario e 9 de laboral fixo.

Na área económico-financieira:

02.00.00.02.04 Tesoureiro (Administrativo). Posto de funcionario.

Na área de policía:



04.00.00.01.01 Sarxento (Suboficial). Posto de funcionario.

Na área de obras e servizos públicos:

05.01.00.02.04 Oficial 2ª (unidade de obras). Posto de laboral.

05.02.00.03.15 Peón de xardinería (unidade de parques e xardíns). Posto de laboral.

05.05.02.03.24 Barrendeiro (unidade de limpeza). Posto laboral.

05.06.00.02.39 Conserxe (unidade de mantemento de colexios públicos). Posto de laboral.

05.06.00.02.40 Conserxe (unidade de mantemento de colexios públicos). Posto de laboral.

Na unidade de servizos sociais:

06.02.00.03.06 Conserxe (unidade de dinamización social). Posto de laboral; na área de formación, emprego de desenvolvemento local.

07.00.00.01.01 Técnico superior en formación, emprego e desenvolvemento. Posto de funcionario.

07.00.00.03.04 Orientador laboral. Posto de laboral.

Na área de deporte:

08.00.00.03.03 Conserxe. Posto laboral.

Na área de cultura:

09.00.00.03.03 Encargado de oficiña de turismo. Posto de laboral.

POSTOS DE TRABALLO DE NOVA CREACIÓN:

Trátase dun total de 11 postos de traballo, todos de funcionario; un deles con habilitación de carácter nacional:

Na unidade de administración xeral e réxime interno:

01.00.00.02.08 Técnico de xestión. Posto de funcionario.

01.00.00.03.09 Administrativo. Posto de funcionario.

01.00.00.03.10 Auxiliar administrativo. Posto de funcionario.

01.00.00.03.11 Auxiliar administrativo (unidade de contratación). Posto de funcionario.

Na área económico-financiera:

02.00.00.01.08 Tesoureiro. Posto de funcionario con habilitación de carácter nacional.

02.00.00.03.09 Administrativo (unidade de intervención). Posto de funcionario.

02.00.00.03.10 Administrativo (unidade de tesourería). Posto de funcionario.

02.00.00.03.11 Auxiliar administrativo (unidade de intervención). Posto de funcionario.

Na área de urbanismo:

03.00.00.01.02 Arquitecto. Posto de funcionario.

03.00.00.03.06 Auxiliar administrativo. Posto de funcionario.

Na área de cultura:

09.00.00.02.03 Técnico de turismo. Posto de funcionario.

SEGUNDO. Expor ao público a mencionada modificación, durante o prazo de quince días hábiles a contar desde o seguinte ao de publicación do correspondente anuncio no *Boletín Oficial da Provincia*, durante os cales os interesados poderán examinala e presentar reclamacións ante o Pleno. A relación considerarase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se presentaron reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

TERCEIRO. Una vez aprobada definitivamente, a modificación da Relación de Postos de Traballo publicarase integramente no *Boletín Oficial da Provincia* e remitirase una copia da mesma á Administración do Estado e ao órgano competente da Comunidade Autónoma.

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA.

Dende a Presidencia proponse, para o seu tratamento pola vía de urxencia, os asuntos seguintes:

- . ADHESIÓN AO CONVENIO TIPO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

CATEGORÍAS DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL E AS PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL OU AS PRAZAS DE VIXILANTES MUNICIPAIS

- APROBACIÓN DO RÉXIME RETRIBUTIVO NA SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE PONTEDEUME

De seguido, a Secretaría da lectura á primeira das proposta da Alcaldía-Presidencia:

- **ADHESIÓN AO CONVENIO TIPO PARA A ASUNCIÓN POLA ADMINISTRACIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA DA CONVOCATORIA E DESENVOLVEMENTO DOS PROCESOS SELECTIVOS UNITARIOS PARA O ACCESO ÁS DIFERENTES CATEGORÍAS DOS CORPOS DE POLICÍA LOCAL E AS PRAZAS DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL OU AS PRAZAS DE VIXILANTES MUNICIPAIS,**

que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA ALCALDÍA

ASUNTO: PROPOSTA DE APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEDEUME E A COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA, CUXO OBXECTO É A CESIÓN DE COMPETENCIAS EN MATERIA DE CONVOCATORIA E SELECCIÓN O PERSOAL MUNICIPAL DA POLICÍA LOCAL. (EXPEDIENTE: 2019/X999/000043).

EXPEDIENTE: 2019/G006/000018.

A Lei 4/2007, de 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, establece no seu artigo 32.7 a posibilidade de que a Xunta de Galicia asuma a convocatoria das prazas vacantes e, no seu caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración asinados a tales efectos

A aprobación do Decreto 115/2017, de 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de Policía Local, responde a un principio de eficiencia na xestión dos recursos públicos, e se erixe nunha oportunidade de xestión unitaria dun proceso que, de outra forma se repetiría en cada municipio da nosa comunidade autónoma.

En resumo, a presente proposta non ven senón a plasmar a materialización dun convenio de colaboración a subscribir entre o Concello de Ponte deume e a Comunidade autónoma de Galicia, e cuxo obxecto se constitúe na cesión de competencias en materia de convocatoria e selección do persoal municipal da policía local, amparado pola LRBRL e a Lei de coordinación das policía locais de Galicia, sendo o tenor literal do Convenio tipo a asinar o que a continuación se transcribe:

Vistos os informes emitidos que constan no expediente,

*Esta Alcaldía, en uso das atribucións que lle confire a Lei, ven en propoñer ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:*



PRIMEIRO.- Aprobar a delegación do Concello de Pontedeume na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do seu corpo de policía local, e as prazas de auxiliares de policía local e de vixilantes municipais, por un período de catro anos a contar desde a sinatura do oportuno convenio.

SEGUNDO.- Prestar aprobación ao Convenio de colaboración entre o Concello de Pontedeume e a Comunidade autónoma de Galicia, cuxo obxecto é a cesión de competencias en materia de convocatoria e selección o persoal municipal da policía local, expresado nos termos que anteceden.

TERCEIRO.-Facultar á Alcaldía-presidencia para adoptar todas as resolucións e trámites que fosen necesarios para a posta en práctica e execución do presente acordo.

CUARTO.-Notificar o presente acordo á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente de Pontedeume, Bernardo Fernández Piñeiro. En Pontedeume, a 31 de xaneiro de 2019."

O Sr. Presidente somete a votación a ratificación da urxencia, coa conseguinte inclusión do asuntos na orde do día, quedando **RATIFICADA A URXENCIA e A INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA por UNANIMIDADE** dos/as membros presentes.

De seguido, procédese a tratar o asunto. A presidencia abre a quenda para o debate.

[Abandona a sesión Dna. Silvia Fornos Permuy sendo as 14h08min]

D. José Simoes Couceiro da conta da motivación da proposta, que facilitaría a contratación do persoal de policía local e auxiliares, xa que a convocatoria das prazas por parte do concello requeriría moito máis tempo e capital humano. Tras dunha pregunta de Dna. Ascensión de Vicente Olarte, o Sr. Simoes Couceiro indica que o Concello solicitou seis policía auxiliares e que de cara a convocatoria das prazas de policía local, quitaranse as que no seu momento permita a lei.

De seguido toma a palabra D. Andrés Pérez Pérez quen se congratula de que o PSOE acepte este sistema que dende o seu grupo se trouxo a Pleno no mes de maio e que non se considerou oportuno dende o goberno local, facendo referencia ás argumentacións deste para a non adhesión e sobre a convocatoria dunha oferta de emprego público con catro prazas. Anuncia o voto favorable do seu grupo.

D. José Simoes Cuceiro di que no que respecta á convocatoria das prazas tense que acoller ao que di a lei de orzamentos xerais do estado sobre a taxa de reposición da policía local, o 115% xa que feita a consulta en distintos ámbitos, se dixo que non se podía contratar a maiores do establecido na normativa.

O Sr. Fernández Piñeiro di que a intención de goberno era a de quitar catro prazas, se ben realizada a consulta, se lles dixo que non.

[Abandona a sesión D. Jorge Serafín Allegue Freire sendo as 14h26min]

De seguido toma a palabra Dna. Ana Veira García quen pregunta pola posibilidade de contratación de certos postos de determinados servizos básicos, entre os que está a policía, que se podería ampliar previa xustificación por parte do Concello cun informe detallado e escrupuloso, xustificando nunha situación lesiva para a cidadanía, e que así, podería ser

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

aceptada a contratación pola administración competente. Pregunta se se lles negou esta posibilidade.

D. José Simoes Couceiro di que se ten na Subdelegación do Goberno, na Deputación e persoal técnico municipal, dende onde se indica o límite da taxa de reposición.

Dna. Ana Veira García di que ela tamén se informou e que se lle dixo que podería ser.

O Sr. Presidente di que a Delegación do Goberno pode autorizar ou non autorizar e que das consultas realizadas díxéronlles que non se solicitara xa que non se ía conceder.

Dna. Ana Veira García considera que se debe solicitar formalmente.

D. José Simoes Couceiro di que non houbo ningún día sen servizo por parte da Policía Local.

O Sr. Alcalde Presidente di que non se pode traballar sobre futuribles, con respecto á xubilacións e en tanto que non se deixou de prestar o servizo. Di que as consultas se fixeron con persoal técnico. Sobre a non adhesión ao convenio con anterioridade, xustifica este feito en que o informe xurídico non ía ser favorable.

Concluídas as intervencións, sométense a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar a delegación do Concello de Ponte deume na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, das competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do seu corpo de policía local, e as prazas de auxiliares de policía local e de vixilantes municipais, por un período de catro anos a contar desde a sinatura do oportuno convenio.

SEGUNDO.- Prestar aprobación ao Convenio de colaboración entre o Concello de Ponte deume e a Comunidade autónoma de Galicia, cuxo obxecto é a cesión de competencias en materia de convocatoria e selección o persoal municipal da policía local, expresado nos termos que anteceden.

TERCEIRO.- Facultar á Alcaldía-presidencia para adoptar todas as resolucións e trámites que fosen necesarios para a posta en práctica e execución do presente acordo.

CUARTO.- Notificar o presente acordo á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.

De seguido, a Secretaria da lectura á segunda das proposta da Alcaldía-Presidencia:

- APROBACIÓN DO RÉXIME RETRIBUTIVO NA SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE PONTEDEUME,

que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA ALCALDÍA.

ASUNTO: APROBACIÓN DO RÉXIME RETRIBUTIVO NA SITUACIÓN DE INCAPACIDADE TEMPORAL DO PERSOAL AO SERVIZO DO CONCELLO DE PONTEDEUME



A Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, a través da súa disposición adicional quincuaxésima cuarta, veu a establecer un novo marco normativo para o réxime de incapacidade temporal do persoal ao servizo das Administracións Públicas, que elimina as restricións existentes ata este momento e permite que cada Administración Pública determine, previa negociación colectiva, as retribucións que ha de percibir durante a situación de incapacidade temporal o persoal ao seu servizo e ao dos seus organismos e entidades públicas dependentes.

En virtude desta previsión, levouse a cabo a preceptiva negociación colectiva na Mesa Xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado, órgano dos previstos no artigo 36.3 do Texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público, aprobado polo Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, ao que lle corresponde a negociación dos asuntos comúns tanto ao persoal funcionario como ao persoal laboral da Administración xeral do Estado.

Como resultado desta negociación, alcanzouse o acordo polo que se establece a plenitude retributiva para o persoal funcionario, estatutario ou laboral ao servizo da Administración Xeral do Estado, dos seus Organismos ou das súas Entidades Públicas dependentes, que se atopen na situación legal de incapacidade temporal, garantindo durante esta situación a percepción do cento por cento das retribucións ordinarias correspondentes ao mes de inicio da incapacidade temporal.

No BOE número 183, do 30 de xullo de 2018, publicouse o Real decreto 956/2018, do 27 dexullo, polo que se aproba e publica o Acordo adoptado pola Mesa xeral de Negociación da Administración Xeral do Estado o 23 de xullo de 2018, en relación ao réxime retributivo da situación de incapacidade temporal do persoal ao servizo da Administración Xeral do Estado e Organismos ou Entidades Públicas dependentes.

Esta regulación supón, respecto do réxime vixente ata agora:

1.- A equiparación, en réxime de prestacións, de todas as situación de incapacidade temporal, con independencia da súa causa.

2.- A extensión da mesma protección máxima (en garantía de percepción do 100% das retribucións correspondentes), que xa permitía a norma para unicamente, as situacións de incapacidade temporal derivada de accidentes de traballo o enfermidade profesional, hospitalización ou intervención quirúrxica ou situacións asimiladas agora tamén ás de incapacidade por causa de enfermidade común ou accidente non laboral, desaparecen, en consecuencia, as limitacións de posibilidade de millora antes existentes para os primeiros días das situación, e por último, que a base para o cálculo de importe da prestación non sexa xa, como antes, as retribucións dos mes anterior ó do inicio da situación, senon as dos memo do inicio da situación de incapacidade temporal.

En data 12 de novembro de 2018, completouse o trámite de negociación colectiva que impón a disposición adicional 54ª da Lei 6/2018, de 3 de xullo.

O persoal ao servizo das Administracións Públicas -entre elas o Concello de Pontedeume-, contribuíu de maneira notable e directa á recuperación económica e ao cumprimento dos compromisos adquiridos por España en materia de control do gasto público e este persoal tivo que soportar unha parte importante do esforzo de austeridade levado a cabo no último período. Este esforzo foi un factor determinante na consecución dos obxectivos antes citados.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Consta no expediente, informe da Secretaría e Interventora de data 31 de xaneiro de 2018.

Atendendo ós antecedentes de feito e fundamentos de dereito, PROPOÑO ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.- A regulación dos beneficios económicos do persoal do Concello de Ponte deume na situación de incapacidade temporal, que supón o recoñecemento dun suplemento de salario a partir do primeiro día de incapacidade temporal, que, xunto coa prestación do Sistema Xeral de Seguridade Social chega ao 100% da súa remuneración fixa para o mes en que se iniciou a situación de incapacidade temporal, atendendo ó disposto na Lei 6/2018, do 3 de xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, a través da súa disposición adicional quincuaxésima cuarta

SEGUNDO.- O Concello ten capacidade para atender as obrigas económicas derivadas deste acordo.

TERCEIRO.- Notificar este acordo as seccións sindicais do Concello de Ponte deume.

CUARTO.- Publicar ete acordo no BOP; a vixencia do mesmo é desde o día seguinte da súa publicación.

Documento asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente de Ponte deume, Bernardo Fernández Piñeiro. En Ponte deume, a 31 de xaneiro de 2019."

O Sr. Presidente somete a votación a ratificación da urxencia, coa conseguinte inclusión do asuntos na orde do día, quedando **RATIFICADA A URXENCIA e A INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA por UNANIMIDADE** dos/as membros presentes.

De seguido, procédese a tratar o asunto. A presidencia abre a quenda para o debate.

D. José Simoes Couceiro explica a proposta indicando que a proposta se corresponde co que establece a lei e que foi sometida a negociación previa, tal e como indica a lei.

Toma a palabra D. Andrés Pérez Pérez, portavoz do Grupo Municipal do PP, quen anuncia o voto favorable do seu grupo á proposta.

De seguido, Dna. Ana Veira García di que, evidentemente, o voto do seu grupo vai ser favorable e pregunta pola entrada en vigor.

Logo de que se lle indicara que a entrada en vigor é desde o día seguinte á súa publicación no BOP, interésase sobre a voluntariedade de aplicar unha lei.

Dende a Presidencia apúntase á obriga de negociación previa.

Concluídas as intervencións, sométense a votación a proposta, quedando **ADOPTADO por UNANIMIDADE** dos/as membros presentes o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- A regulación dos beneficios económicos do persoal do Concello de Ponte deume na situación de incapacidade temporal, que supón o recoñecemento dun suplemento de salario a partir do primeiro día de incapacidade temporal, que, xunto coa prestación do Sistema Xeral de Seguridade Social chega ao 100% da súa remuneración fixa para o mes en que se iniciou a situación de incapacidade temporal, atendendo ó disposto na Lei 6/2018, do 3 de



xullo, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018, a través da súa disposición adicional quincuaxésima cuarta

SEGUNDO.- O Concello ten capacidade para atender as obrigas económicas derivadas deste acordo.

TERCEIRO.- Notificar este acordo as seccións sindicais do Concello de Pontedeume.

CUARTO.- Publicar este acordo no BOP; a vixencia do mesmo é dende o día seguinte da súa publicación.

[Sendo as 14h44min a Presidencia dispón un receso da sesión.

Reanúdase a sesión sendo as 14h58min.]

5.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG) EN DEFENSA DA SANIDADE PÚBLICA.

A Sra. Portavoz do BNG, Dna. Ana Veira García, da lectura ao texto da moción, cuxo texto se transcribe no seu literal:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un dos temas que máis alarma social está provocando na sociedade galega é o gravísimo deterioro da sanidade pública. Un deterioro que é o resultado dos graves recortes e privatizacións que o Partido Popular leva realizado desde 2009, e que están poñendo en risco a saúde e a vida das persoas.

A política sanitaria de Núñez Feixóo á fronte da Xunta de Galiza ao longo destes anos está poñendo contra as cordas a sanidade pública e ten un fin moi claro: converter o dereito á saúde nun negocio para grupos afíns. Favorecer que uns poucos fagan negocio a costa da enfermidade.

Todos os camiños da política sanitaria do PP tiveron como fin a privatización e o desmantelamento do sistema sanitario público a base de recortes continuos e de pór os recursos da sanidade pública ao servizo de intereses privados para poder facer negocio coa enfermidade das persoas. Durante os últimos nove anos, o PP, con Nuñez Feixóo á cabeza, impulsou todo tipo de medidas que afondaron neste desmantelamento: redución de orzamentos, de centos de profesionais, de máis de 700 camas, privatización masiva de servizos, derivacións de doentes a centros privados...

A Atención Primaria foi o ámbito da sanidade pública galega que con máis intensidade sufriu os recortes. Nos orzamentos da Xunta deste ano 2019 destínanse 188 millóns de euros menos que os que había en 2009, cun recorte acumulado de arredor de 2.188 millóns de euros.

As consecuencias son tremendas: masificación de consultas, cupos desbordados, redución de profesionais, non substitucións, as listas de espera dunha semana, 10 días para o médico de familia, peche de axendas, saturacións, profesionais que ao ter que acudir a algunha urxencia teñen que deixar as súas consultas abandonadas durante horas, PACs ao límite...

Hai unanimidade entre sindicatos, colexios profesionais, plataformas sanitarias, organizacións profesionais, doentes... en denunciar o grave deterioro que están provocando as políticas sanitarias do Partido Popular, e en que non estamos na fase de grupos de traballo, nin de enquisas virtuais, nin de auditorías. Estamos na fase de asumir responsabilidades e rectificar os recortes e as privatizacións.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Estamos nun momento crítico, onde a Xunta ten que dar explicacións e asumir as súas responsabilidades, ante uns feitos de máxima gravidade e rectificar.

Por estes motivos, o grupo municipal do BNG, solicita do Pleno da corporación municipal a adopción do seguinte:

ACORDO

- 1. Instar á Xunta de Galiza a tomar as seguintes medidas nun compromiso claro de que se rectifica unha política sanitaria que está destruíndo a sanidade pública dos galegos e galegas e poñendo en risco o dereito á saúde:**
 - a. Aumento do orzamento destinado a Sanidade.**
 - b. Dimensionamento e estabilidade dos cadros de persoal: convocatoria de todas as prazas vacantes en todas as categorías/ contratos estábeis e dignos /substitucións d@s profesionais pola totalidade da ausencia / aumento das prazas de formación de especialistas, MIR.**
 - c. Eliminación listas de espera: contratando persoal e tendo operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas, camas, quirófanos...e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñíbeis, susceptíbeis de ser usados nos centros públicos.**
 - d. Plan de Mellora de Atención Primaria: incremento do investimento até chegar como mínimo ao 20% do orzamento (no inmediato incremento de 200 millóns de euros). Recuperación das Xerencias de Atención Primaria con capacidade resolutiva e orzamentaria./ Incrementar as prazas de especialistas en pediatría e medicina familiar e comunitaria./ Mellorar os equipamentos nos centros de saúde e PACs / Garantir equipos completos de profesionais nos PACs.**
 - e. Reverter as privatizacións e xestión propia dos servizos sanitarios.**
 - f. Eliminación dos copagos farmacéuticos.”**

Dña. Ana Veira García defende a moción que considera totalmente actual e que se trata dunha problemática que pon en risco a saúde e a vida das persoas. Di que afecta a todos os grupos profesionais e que no Concello de Ponte deume, a situación ponse en evidencia nas datas do verán. Pide a aprobación da moción.

Toma a palabra o portavoz do Grupo Municipal do PP, D. Andrés Pérez Pérez quen defende a actuación da Xunta na área en tanto que di que os recursos sanitarios foron unha prioridade nos orzamentos da Xunta nos últimos anos, dando unha serie de datos ao respecto: que Galiza é a 5ª comunidade con maior gasto sanitario consolidado, que o gasto sanitario supuxo máis do 40% do orzamento da Xunta no 2018, aínda tendo baixado os ingresos públicos, destinouse maior orzamento á sanidade. Indica que no 2019 se orzamentaron preto de 4 mil millóns de euros, contía máis alta que nunca, di que se diminuíu a desviación aos centros privados e que se reduciron as listas de espera, situación que se leva mellorando dende o 2009. Considera que hai máis prestacións e que non houbo recorte nestas. Fai referencia á taxa de cobertura pediátrica, que en Galicia supón preto do 90%. Indica que no período 2017-2020 se convocará



unha oferta de estabilidade que afectará a 5000 persoas..., fai referencia á estabilidade do persoal facultativo (86% médicos de familia e 100% en pediatría), o incremento nos últimos anos das prazas MIR e que a na última convocatoria se realizou a maior oferta dos últimos anos. Di que se solicitou ao ministerio o incremento das prazas de pediatría. No que respecta á atención primaria di que se está a elaborar un plan pola Consellaría, que convocou aos profesionais das distintas áreas a unha reunión, na que se constituíron seis grupos de traballo e que unha das medidas xa aprobadas foi unha nova modalidade contractual máis ampla e que se están a avaliar outras medidas para avaliar cara a creación dunha dirección de atención primaria. Indica que se ten incrementado o persoal de enfermaría e que no que respecta aos copagos, a aportación do usuario será proporcional ao nivel de renda. Conclúe a súa intervención indicando que dende o ano 2008 se están a producir unha serie de melloras neste eido. Anuncia o voto en contra do seu grupo á moción.

Toma a palabra Dna. Ana Veira García quen di que dende o grupo municipal do PP se confunde a realidade co futuro e que dende o seu grupo se está a falar da situación do 2019.

[Abandona a sesión Dna. Ascensión de Vicente Olarte sendo as 15h13min]

Que o presente é deficitario e que por iso se está a planificar para o futuro. Di que lle parece respectable non compartir o contido da moción, pero que a realidade non se pode ocultar con datos estatísticos. Fai referencia ás folgas do sector como reflexo da situación.

D. José Simoes Couceiro, portavoz do Grupo Municipal do PSOE di que o seu grupo está dacordo coa moción e que por tanto, votarán a favor.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta, quedando **ADOPTADO por MAIORÍA de 6 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSOE (5): D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Marta Pico Machado; e do BNG (1): Dna. Ana María Veira García; e **1 voto en contra** do concelleiro do Grupo Municipal do PP: D. Andrés Pérez Pérez. o **ACORDO** seguinte:

1. Instar á Xunta de Galiza a tomar as seguintes medidas nun compromiso claro de que se rectifica unha política sanitaria que está destruindo a sanidade pública dos galegos e galegas e poñendo en risco o dereito á saúde:
 - a. Aumento do orzamento destinado a Sanidade.
 - b. Dimensionamento e estabilidade dos cadros de persoal: convocatoria de todas as prazas vacantes en todas as categorías/ contratos estábeis e dignos /substitucións d@s profesionais pola totalidade da ausencia / aumento das prazas de formación de especialistas, MIR.
 - c. Eliminación listas de espera: contratando persoal e tendo operativos todos os recursos dos que dispón o Sergas, camas, quirófanos...e non realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñíbeis, susceptíbeis de ser usados nos centros públicos.
 - d. Plan de Mellora de Atención Primaria: incremento do investimento até chegar como mínimo ao 20% do orzamento (no inmediato incremento de 200 millóns de euros). Recuperación das Xerencias de Atención Primaria con capacidade resolutiva e orzamentaria./ Incrementar as prazas de especialistas en pediatría e medicina familiar e comunitaria./ Mellorar os equipamentos nos centros de saúde e PACs / Garantir equipos completos de profesionais nos PACs.
 - e. Reverter as privatizacións e xestión propia dos servizos sanitarios.
 - f. Eliminación dos copagos farmacéuticos.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

6.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR (PP) EN RELACIÓN AO PROXECTO DE LEI DE PRESUPOSTOS XERAIS DO ESTADO PARA 2019.

O Sr. Portavoz do PP da lectura ao texto da moción, cuxo texto se transcribe no seu literal:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 14 de xaneiro deste ano, o Goberno de España presentou -fóra de prazo- un proxecto de lei de Presupostos Xerais do Estado indiscutiblemente discriminatorio para Galicia, co único obxectivo de continuar na Moncloa.

En primeiro lugar, son unhas contas irreais e ficticias. Medra o gasto sen ingresos reais que o soporten. Así, por exemplo, prevén recadar 20.000 millóns máis en impostos pese ao menor crecemento económico. Dentro desta suba masiva de impostos destaca o imposto ao diésel, cun grave efecto sobre un millón de condutores en Galicia. O mesmo se pode dicir da Seguridade Social, xa que o incremento das cotizacións sociais (está previsto que aumenten un 7,5%) afectará aos autónomos e aos traballadores por conta allea, repercutindo na creación de emprego.

E, se isto non fose suficiente, penalizan a nosa Comunidade Autónoma. En comparación co pasado ano, Galicia ve reducidos os fondos para investimentos nun -18%, ata quedarse en 757 millóns, o que supón a práctica paralización de proxectos comprometidos e estratéxicos para a nosa comunidade autónoma. Mais esta redución non é debida, como aconteceu durante a crise, a un axuste xeneralizado do gasto e dos investimentos públicos. Todo o contrario, os fondos para Galicia baixan no contexto duns presupostos de expansión desorbitada do gasto e nos que, pola contra, outras comunidades ven incrementado dun xeito significativo o importe global dos seus investimentos, así en Cataluña medra nun +67% ou na Comunidade Valenciana nun +61%.

Ao longo destes últimos anos os orzamentos permitiron enormes avances como a A-8 que xa está rematada e en servizo; a Autovía Santiago-Lugo con todos os treitos en servizo ou en obras; o Eixe Atlántico ferroviario que xa está en servizo entre A Coruña e Vigo; ou as obras do AVE que xa están encarando a súa recta final.

Sen embargo, as importantes minoracións neste proxecto de presupostos reflíctense en partidas concretas como a ausencia de recursos suficientes para necesidades ferroviarias como a mellora do tren entre A Coruña en Ferrol ou a variante de Cerdedo.

Tampouco se prevén investimentos en ningunha das obras planificadas na AP-9: Alfonso Molina e Vial 18, na Coruña; Enlace Orbital, en Santiago; Nudo de Bombeiros, en Pontevedra; a remodelación do enlace de Buenos Aires, en Vigo; ou a supresión da peaxe de Redondela.

Os presupostos tampouco inclúen partidas para obras fundamentais como os novos treitos da circunvalación de Pontevedra; as autovías Vigo-Porriño, a da Mariña ou a Lugo-Ourense. Estas contas constatan a falta de palabra do Goberno central ao prever 0 euros en 2019 e pouco máis para 2020 para Variante Norte de Ourense, pese a que hai poucos días prometeron que se licitaría este ano. Engadir que, aínda que existe un convenio que contempla que a variante de Ponteareas a construíría o Ministerio, agora este orzamento implicaría que a execute a Xunta e achega unha partida insuficiente.

En referencia a autovía Santiago-Lugo, fundamental para o Xacobeo 21, as súas partidas minimizadas e os prazos sen acurtar, en contra do que pedira o Goberno galego.

E, por último, en materia de infraestruturas hidráulicas só constan 65.000 euros para a renovación do saneamento de Santiago e nada nas obras declaradas de interese xeral do Estado. Tampouco figura no orzamento a solución do problema de abastecemento de Vigo, tal e como se acordara.



Por todo isto, o Grupo Municipal Popular do Concello de Pontedeume solicita ao Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1. Manifestar o rexeitamento desta Corporación ao proxecto de lei de Presupostos Xerais do Estado para 2019 presentado polo Goberno de España, por ser irrealis e absolutamente discriminatorios para Galicia.

2. Instar aos grupos parlamentarios do Congreso dos deputados e do Senado a modificación destes Presupostos Xerais do Estado para 2019 de tal xeito que, cando menos, se manteña o nivel de investimento para Galicia recollido na Lei de Presupostos Xerais do Estado de 2018, e se inclúan as partidas suficientes para iniciar, continuar ou rematar as obras en ferrocarrís, autovías e estradas comprometidas e recollidas en presupostos anteriores.

3. Dar traslado destes acordos ao goberno, aos grupos parlamentarios do Congreso dos deputados, do Senado e do Parlamento de Galicia, así como a Xunta de Galicia.”

A Presidencia abre a quenda para o debate,

Toma a palabra Dna. Ana Veira García quen indica que o asunto obxecto da moción é unha iniciativa que ven de presentar o BNG ao Parlamento de Galiza e que son temas polos que xa se interesou a portavoz parlamentar do seu grupo e dos que o PP votou a favor en algúns deles. Di que comparten o primeiro punto da moción en tanto que consideran os orzamentos discriminatorios para Galiza, reducíndose o investimento, mais consideran que a moción queda un pouco diluída e que por tanto, propón unha emenda ao punto segundo da moción no sentido de incluír unha serie de propostas que, dependendo de se se aceptan ou non polo grupo propoñente, votarán nun sentido ou noutro, as seguintes: “1. Rescate da AP-9 e compromiso para acabar coa fin da estafa das peaxes.;2. Derrogar a prórroga de ENCE e fixar un calendario para o traslado desta empresa da ría de Pontevedra.;3. Proceder á devolución do Pazo de Meirás e do conxunto de bens incautados polo franquismo en Galiza.;4. Pagamento da débeda do Estado con Galiza en materia de dependencia (186 millóns de euros).;5. Compromiso para activar unha Tarifa eléctrica galega que rebaixe a factura da luz particulares e empresas, como elemento compensatorio polos impactos no territorio e no medio ambiente e permita que a produción de electricidade teña un retorno social.;6. Desenvolvemento dun plan de investimentos básicos no mapa ferroviario galego, con dotacións, que:;a. garantan os prazos de chegada do AVE a Galiza con dobre vía e as máximas medidas de seguridade, b. finalice o trazado do eixo atlántico (nomeadamente A Coruña- Ferrol; saída sur de Vigo para conexión coa alta velocidade portuguesa) c. electrificación da liña A Coruña-Lugo-Monforte, d. investimentos e melloras da liña de Feve Ferrol-Ribadeo,e. impulse en todo o territorio galego o tren de proximidade, f. incorpore as adaptacións necesarias para facilitar o transporte de mercadorías, g. impulse decididamente as conexións ferroviarias para os portos de interese xeral do Estado en Galiza, priorizando as conexións de Vigo e dos portos exteriores de Ferrol e Coruña.;7. Axilización de autovías que levan anos de atraso, como é o caso de Santiago-Lugo e Lugo-Ourense, A-57 -circunvalación de Pontevedra- e plan de investimentos extraordinario para acabar coa elevada sinistralidade viaria que teñen as estradas dependentes do Estado en Galiza.;8. Plan de saneamento e rexeneración das rías galegas e do litoral, así como o financiamento necesario para a construción da nova EDAR de Santiago de Compostela.;9. Plan de saneamento e recuperación dos ríos galegos de xestión estatal a través das Confederacións Hidrográfica do Miño-Sil e do Douro para a reparación dos graves problemas ambientais dos ríos do sur.;10. Asunción do custe total das obras do porto exterior de Punta Langosteira.;11. Modificar os criterios de financiamento dos concellos galegos, acabando coa discriminación de cobrar 50 euros menos de financiamento por habitante.;12. Transferencia de competencias pendentes como as de tráfico, portos de interese xeral do estado, aeroportos, Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, inspección de traballo, e competencias en materia de lexislación laboral e normativa que permita a creación dun marco galego de relacións laborais.;13. Financiamento dun plan de retorno para a emigración que facilite o regreso a

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Galiza das persoas que tiveron que emigrar ao longo dos últimos anos pola falta de oportunidades.”

A Sra.portavoz do Grupo Municipal do BNG pregunta se se acepta a emenda.

O Sr. Pérez Pérez di que en principio estarían dacordo coa maioría dos puntos se ben hai outros que non o teñen claro, en relación ao tema de ENCE, que suporía a perda de postos de traballo e habería que miralo noutro foro, ao tempo que considera que hai outras que habería que estudar previamente e con mais profundidade.

O Sr. Simoes Couceiro propón deixar a moción sobre a mesa cara o vindeiro pleno co obxecto de chegar a un acordo.

Dende a Presidencia pregúntase se se acepta a emenda xa que da aceptación ou non, dependerá a intervención do grupo municipal do PSOE.

O Sr. Pérez Pérez di que, polos motivos expostos, non se acepta a emenda.

De seguido toma a palabra D. José Simoes Couceiro, que da unha serie de datos sobre o contido do orzamento, que di que se incrementa con respecto ao 2018. e que en Galicia supoñen un investimento por habitante por riba da media nacional e por riba de comunidades como Madrid, Andalucía, Cataluña...Di que é un proxecto de presupostos cara a recuperación social xa que di, detrás dos números hai persoas, tratando de reverter o retroceso que deixou a crisis. Di que hai un aumento dos ingresos das persoas en Galicia: incrementanse as pensións, desaparecerá o copago polos medicamentos, sube o salario mínimo interprofesional nun 22%, para loitar contra a precariedade laboral, os empregados públicos verán incrementado o seu salario, contéplase un aumento da protección social para as persoas autónomas, para estar protexidos ante calquera continxencia, recupérase o subsidio por desemprego para as persoas maiores de 52, na loita contra a pobreza, auméntase a contía de transferencias ás familias en situacións desfavorecidas, no que respecta á dependencia, sube o investimento, a maior contía ata a data e recóllese a cotización á seguridade social dos coidadores e coidadoras; en educación, medra o gasto: bolsas, axudas de material escolar e comedor; para a promoción de igualdade entre homes e mulleres, o aumento do periodo do permiso de paternidade e as prestacións por maternidade/paternidade deixan de tributar no IRPF, auméntase o fondo destinado aos concellos para atallar a lacra da violencia de xénero; baixa o IVE en produtos de hixiene feminina ao 4%. Contéplase un plan de emprego xuvenil dotado de máis de tres millóns de euros en dous anos; recolle investimentos para o ferrocarril que di, a previsión é que chegue á Coruña en 2019, e tamén carga de traballo nos asteleiros que, segundo indica, suporán a creación de oito mil empregos na próxima década. Di que este proxecto de orzamento prioriza ás persoas e que son os mais sociais dos últimos dez anos, beneficiando en Galicia a máis dun millón de persoas. Conclúe a súa intervención facendo unha comparativa cos do goberno anterior, do PP, que di que deixou sen executar en Galicia máis de dous mil millóns de euros e dicindo que son uns orzamentos para a cidadanía, moito mellores que reducían partidas no gasto social. Entende que podería haber algunha proposta do grupo do BNG relativas ás infraestruturas poderían ser asumidas, se chegan a acordo entre os grupos da oposición.

De seguido toma a palabra D. Andrés Pérez Pérez que di que non fixo referencia ao recorte do 18% no orzamento para Galicia e que cando gobernaba o PP o a media dos investimentos en Galicia rondaba o 13% do total estatal, baixando á metade con este goberno, logo que dende o PSOE se cualificara o orzamento de 2018 como nefasto. Di que baixan os investimentos nun 18% para Galicia e que por tanto, é un orzamento negativo para os galegos xa que se recolle



unha forte suba de impostos: ao combustible diésel, aumentan os custos das contratacións e o custo de cotización dos autónomos. Di que medra o gasto sen ingresos o que seguramento derivará nun incremento do déficit e que no que respecta ás infraestruturas, o Ministerio de Fomento incrementa o investimento no resto do estado e redúce en Galicia. Conclúe dicindo que se trata da peor inversión dende o ano 2002.

Intervén o Sr. Presidente.D. Bernardo Fernández Piñeiro da uns datos do incremento do orzamento de 2018 que se incrementou dun 1,3% ao respecto de 2017, sendo estes últimos os máis baixos dende o ano 2004, xa que ata o 2017, Galiza recibía máis de mil millóns de euros. Defende que o reparto por cidadán é máis alto que noutras comunidades e propón unha emenda á moción, modificando o punto número dous nos seguintes termos: -
“Instar aos grupos parlamentarios do Congreso dos deputados e do Senado a modificación destes Presupostos Xerais do Estado para 2019 de tal xeito que, cando menos, se manteña o nivel de investimento para Galicia recollido na Lei de Presupostos Xerais do Estado de 2016 (calquera anterior ao 2017), e se inclúan as partidas suficientes para iniciar, continuar ou rematar as obras en ferrocarrís, autovías e estradas comprometidas e recollidas en presupostos anteriores, pero non executadas de forma reiterada polos anteriores gobernos” xa que o que se propón dende o PP é ir ao segundo orzamento mais baixo para Galicia.

Dende o Grupo do PP non se acepta a proposta de modificación.

Dna. Ana Veira García di que, en esencia, son os mesmos orzamentos que os do PP e que no seu momento se vían sen expectativa de futuro e que agora se defenden dende o PSOE. Pide unha reflexión aos grupos do PP e do PSOE en tanto que hai que recoñecer que hai moitas cousas mellorables, con outro trato para Galiza e que o que non se pode facer é votar unha cousa no Parlamento galego e en Madrid outra, en referencia a acordos que se adoptan en Galiza e no Congreso non se defenden. Conclúe dicindo que non son os mellores presupostos para Galiza.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a proposta orixinal, **NON ADOPTÁNDOSE o ACORDO por MAIORÍA de 6 votos en contra** dos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PSOE (5): D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Marta Pico Machado; e do BNG (1): Dna. Ana María Veira García; e **1 voto a favor** do concelleiro do Grupo Municipal do PP: D. Andrés Pérez Pérez.

7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URGENTES.

Non houbo.

8.- DAR CONTA INFORME INTERVENCIÓN 15.2019 PMP E MOROSIDADE E ADXUNTOS (CUARTO TRIMESTRE 2018).

A Sra. Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE TOMA DE RAZÓN

DAR CONTA INFORME INTERVENCIÓN 15.2019 PMP E MOROSIDADE E ADXUNTOS (CUARTO TRIMESTRE 2018)

(EXPEDIENTE: 2019/G006/000014)

Visto o sinalado no artigo 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, concretamente nos seus apartados 3 e 5, que sinalan literalmente que:

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

“(…) 3. Los Tesoreros o, en su defecto, Interventores de las Corporaciones locales elaborarán trimestralmente un informe sobre el cumplimiento de los plazos previstos en esta Ley para el pago de las obligaciones de cada Entidad local, que incluirá necesariamente el número y cuantía global de las obligaciones pendientes en las que se esté incumpliendo el plazo.

4. Sin perjuicio de su posible presentación y debate en el Pleno de la Corporación local, dicho informe deberá remitirse, en todo caso, a los órganos competentes del Ministerio de Economía y Hacienda y, en su respectivo ámbito territorial, a los de las Comunidades Autónomas que, con arreglo a sus respectivos Estatutos de Autonomía, tengan atribuida la tutela financiera de las Entidades locales. Tales órganos podrán igualmente requerir la remisión de los citados informes. (...)”

5. Visto o sinalado na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministración de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sostenibilidade Financeira,

Esta Alcaldía formula a seguinte **PROPOSTA**:

ÚNICO.- Dar conta do informe de Intervención de referencia 15.2019, de asunto: “Informe en aplicación de lo establecido en la Ley 15/2010, de 5 de julio, de modificación de la Ley 3/2004, de 29 de diciembre, por la que establecen medidas de lucha contra la morosidad en las operaciones comerciales, correspondiente al **cuarto trimestre de 2018**, y Período Medio de Pago (PMP)”

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Ponte deume a luns 28 de xaneiro de 2019.”

Os/las membros presentes **TOMAN RAZÓN**.

9.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA.

A Sra. Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidentencia, que se transcribe a continuación:

“DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 31/01/2019

(EXPEDIENTE: 2019/G006/000016)

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidentencia ditadas, dos números **783.2018** de 21 de decembro ao **24.2019** de 28 de xaneiro, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2018/G003/000863	AUTORIZACIÓN GASTO, APROBACIÓN PREGO E DESIGNACIÓN MESA CONTRATACIÓN PARA	00780/2018	21/12/2018



	OBRA REFORMA INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA ESCOLA INFANTIL DE NOGUEIROSA. (POS+ 2018). EXPTE 2018/C003/000008		
2018/G003/000865	AUTORIZACIÓN GASTO, APROBACIÓN PREGO E DESIGNACIÓN MESA CONTRATACIÓN PARA OBRA CONSTRUCCIÓN PISTAS DE PÁDEL E BALONCESTO 3X3. EXPTE 2018/C003/000009	00779/2018	21/12/2018
2018/G003/000886	APROBACIÓN PLAN DE SEGURIDADE, XESTIÓN DE RESIDUOS E PROGRAMA DE TRABALLO PARA OBRA PAVIMENTACIÓN CAMIÑO VELLO-N-651 EXPTE 2018/C002/000015	00781/2018	21/12/2018
2018/G003/000888	APROBACIÓN PLAN DE SEGURIDADE, XESTIÓN DE RESIDUOS E PROGRAMA DE TRABALLO PARA OBRA APARCAMENTO AO AIRE LIBRE EN PÍA	00782/2018	21/12/2018
2018/G003/000655	BAIXA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO, ...//...	00783/2018	21/12/2018
2018/G003/000824	TASA POR OCUPACIÓN POSTOS DE MERCADO PROVISIONAL MUNICIPAL, EJERCIZO 2014.	00784/2018	21/12/2018
2018/G003/000840	Convenio Festas das Peras 2018	00785/2018	21/12/2018
2018/G003/000910	SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 27.12.2018	00786/2018	21/12/2018
2018/G003/000908	RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO DECRETO 780/2018 DE AUTORIZACIÓN GASTO, APROBACIÓN PREGO E DESIGNACIÓN MESA CONTRATACIÓN PARA OBRA REFORMA INTERIOR E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA ESCOLA INFANTIL DE NOGUEIROSA. (POS+ 2018). EXPTE 2018/C003/000008	00787/2018	21/12/2018
2018/G003/000909	EXPEDIENTE DE DELEGACIÓN DE FUNCIONS DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA EN D. JOSÉ SIMOES COUCEIRO. PERIODO: Do 24.12.2018 ao 26.12.2018 e do 28.12.2018 ao 08.01.2019.	00788/2018	21/12/2018
2018/G003/000887	SEGURIDAD SOCIAL MES DE NOVEMBRO DE 2018	00789/2018	26/12/2018
2018/G003/000837	PROPOSTA DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA)	00790/2018	26/12/2018
2018/G003/000876	PROPOSTA DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA)	00791/2018	26/12/2018
2018/G003/000879	PROPOSTA DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA)	00792/2018	26/12/2018
2018/G003/000874	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 9 E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA DE -INSTALACIÓN DE CUBRECOLECTORES DE LIXO EN CAMPOLONGO E CENTROÑA-, POS ADICIONAL/2016 2017/C0003/000005	00793/2018	26/12/2018
2018/G003/000875	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1 E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA -REFORMA DE PARQUE INFANTIL EN URBANIZACIÓN OLMO-, 2018/C003/000001. POS+ADICIONAL/2017.	00795/2018	26/12/2018
2018/G003/000877	AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL	00794/2018	26/12/2018

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2018/G003/000866	RESOLUCIÓN DE PROCEDEMENTO PARA IMPOSICIÓN DE PENALIDADES por INCUMPRIMENTO DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA PAVIMENTACIÓN E MELLORA DE VIAIS NO NÚCLEO DE VALDEVIÑATOS (PAS 2015). EXPTE. 2017/C003/000001	00796/2018	26/12/2018
2018/G003/000867	RESOLUCIÓN DE PROCEDEMENTO PARA IMPOSICIÓN DE PENALIDADES POR INCUMPRIMENTO DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA REPARACIÓN DA CUBERTA E ADECUACIÓN INTERIOR DO PAVILLON A CASQUEIRA (POS+ 2017)". EXPTE. 2017/C003/000004	00797/2018	26/12/2018
2018/G003/000880	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 26 E Nº 27 DA OBRA -REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME.	00798/2018	27/12/2018
2018/G003/000919	MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS NÚMERO 26, SUBEXPEDIENTE TC 8.-	00799/2018	27/12/2018
2018/G003/000922	RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO DECRETO 797/2018 RESOLUCIÓN DE PROCEDEMENTO PARA IMPOSICIÓN DE PENALIDADES POR INCUMPRIMENTO DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA REPARACIÓN DA CUBERTA E ADECUACIÓN INTERIOR DO PAVILLON A CASQUEIRA (POS+ 2017)". EXPTE. 2017/C003/000004	00800/2018	27/12/2018
2018/G003/000923	CORRECIÓN ERROS DECRETO MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚMERO 26, TC8.-	00801/2018	27/12/2018
2018/G003/000906	EXPEDIENTE DE NOMEAMENTO COMO FUNCIONARIA INTERINA DE , ...//...	00802/2018	27/12/2018
2018/G003/000642	CAMBIO DE TITULARIDADE TAXA RECOLLIDA DE LIXO , ...//...	00803/2018	27/12/2018
2018/G003/000643	CAMBIO TITULARIDADE TAXA RECOLLIDA DE LIXO , ...//...	00804/2018	27/12/2018
2018/G003/000644	CAMBIO TITULARIDADE TAXA LIXO , ...//...	00805/2018	27/12/2018
2018/G003/000645	CAMBIO TITULARIDADE TAXA LIXO , ...//...	00806/2018	27/12/2018
2018/G003/000920	RELACION DE FACTURAS F/2018/21	00807/2018	27/12/2018
2018/G003/000797	ASIGNACIÓN 2018 GRUPO MUNICIPAL BNG.-	00808/2018	27/12/2018
2018/G003/000925	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1, 2, 3, 4 E 5 E ACTA DE RECEPCIÓN DA OBRA -REPARACIÓN DE DEFICIENCIAS NA CUBERTA DO MERCADO MUNICIPAL-. 2016/C003/000001.	00809/2018	27/12/2018
2018/G003/000924	APROBACIÓN RELACIÓN FACTURAS F/2018/22	00810/2018	27/12/2018
2018/G003/000926	ORDENACIÓN PAGO CERTIFICACIÓNS DE OBRA VARIAS.	00811/2018	27/12/2018



2018/G003/000885	Convenio Subvencións Culturais 2018. Asociación Amas de Casa	00812/2018	28/12/2018
2018/G003/000857	DECRETO CONVOCATORIA SUBVENIÓNS NOMINATIVAS BALONMANO 2018	00813/2018	28/12/2018
2018/G003/000847	Aprobación Convenio Subvencion Nominativa Acordes Pontedeume 2018	00814/2018	28/12/2018
2018/G003/000912	DECRETO CONVOCATORIA SUBVENCIONES NOMINATIVAS BALONCESTO EUME 2018	00815/2018	28/12/2018
2018/G003/000933	CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE PONTEDEUME E A AGRUPACIÓN DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL PARA O ANO 2018.	00816/2018	28/12/2018
2018/G003/000905	DECRETO CONVOCATORIA SUBVENIÓNS NOMINATIVAS FÚTBOL SALA PONTEDEUME 2018	00817/2018	28/12/2018
2018/G003/000907	DECRETO CONVOCATORIA SUBVENCIÓN NOMINATIVA SOCIEDADE DEPORTIVA EUMESA 2018	00818/2018	28/12/2018
2018/G003/000911	DECRETO CONVOCATORIA SUBVENCIONES NOMINATIVAS CB PONTUMIO 2018	00819/2018	28/12/2018
2018/G003/000900	Convenios subvencións culturais 2018. Río Eume (Arjé Teatro)	00820/2018	28/12/2018
2018/G003/000889	Convenio subvencións culturais 2018. Asociación de Veciños de Nogueirosa	00821/2018	28/12/2018
2018/G003/000890	Convenio subvencións culturais 2018. Asociación de veciños de Andrade	00822/2018	28/12/2018
2018/G003/000891	Convenios subvencións culturais 2018. Asociación de Veciños de Centroña	00823/2018	28/12/2018
2018/G003/000894	Convenios subvencións culturais 2018. Comisión de Festas de Nogueirosa	00824/2018	28/12/2018
2018/G003/000897	Convenio subvencións culturais 2018. Festas de Boebre	00825/2018	28/12/2018
2018/G003/000913	Convenio subvencións culturais 2018. AAVV de Ombre	00826/2018	28/12/2018
2018/G003/000892	Convenio Subvencións culturais 2018. Asociación de Veciños de Boebre	00828/2018	28/12/2018
2018/G003/000893	Convenio subvencións culturais 2018. Asociación de Veciños de Olmo	00829/2018	28/12/2018
2018/G003/000914	Convenios Subvencións Culturais 2018. Comisión Festas de Ombre	00827/2018	28/12/2018
2018/G003/000899	Convenio subvencións culturais 2018. Os Fenómenos do Eume	00830/2018	28/12/2018
2018/G003/000928	PRÓRROGA ORZAMENTO DO EXERCICIO 2018 AO 2019	00831/2018	28/12/2018
2018/G003/000931	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA PAGAMENTO A XUSTIFICAR -APARTADO DE CORREOS XULGADO DE PAZ-.	00832/2018	28/12/2018

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2018/G003/000932	AXUSTE DESCONTO IRPF FACTURA , ...//...	00833/2018	28/12/2018
2018/G003/000929	TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA. LIQUIDACIÓN ACHEGAS 2017, ESTIMACIÓN DO 2018 E ADIANTO DA ESTIMACIÓN ORZAMENTARIA PARA O EXERCICIO 2019	00834/2018	28/12/2018
2018/G003/000930	PAGAMENTO 2º E 3º TRIMESTRE DE XANTAR NA CASA	00835/2018	28/12/2018
2018/G003/000839	Aportación económica do concello de Cabanas para o Proxecto de Prevención das Drogodependencias e Condutas Adictivas 2015- 2017	00837/2018	28/12/2018
2018/G003/000935	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA PAGO A XUSTIFICAR Nº 8/2017.	00836/2018	28/12/2018
2018/G003/000936	2018/G003/000895 - Convenios subvencións culturais 2018. Comisión Festas de Andrade E	00838/2018	29/12/2018
2018/G003/000896	Convenio subvencións culturais 2018. Cofradía de Pescadores	00840/2018	29/12/2018
2018/G003/000901	Convenios subvencións culturais 2018. Colectivo Terra	00841/2018	29/12/2018
2018/G003/000902	Convenio subvencións culturais 2018. Xente de aquí e de acolá	00839/2018	29/12/2018
2018/G003/000903	Convenio subvencións culturais 2018. Campamento musical	00843/2018	29/12/2018
2018/G003/000904	Convenio subvencións culturais 2018. UCOA	00842/2018	29/12/2018
2018/G003/000898	Convenio subvencións culturais 2018. ANPA Couceiro Freijomil	00844/2018	29/12/2018
2018/G003/000937	Convenio subvencións culturais 2018. Airiños do Eume	00845/2018	29/12/2018
2018/G003/000938	Convenio subvencións culturais 2018. Orballo	00846/2018	29/12/2018
2018/G003/000654	BAIXA NA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO, , ...//...	00854/2018	29/12/2018
2018/G003/000652	BAIXA NA TAXA DE RECOLLIDA DE LIXO, , ...//...	00852/2018	29/12/2018
2018/G003/000653	CAMBIO TITULARIDADE TAXA DO LIXO, , ...//...	00853/2018	29/12/2018
2018/G003/000648	CAMBIO TITULARIDADE TAXA RECOLLIDA DE LIXO, , ...//...	00849/2018	29/12/2018
2018/G003/000649	CAMBIO TITULARIDADE TAXA DO LIXO, , ...//...	00850/2018	29/12/2018
2018/G003/000651	CAMBIO TITULARIDADE TAXA RECOLLIDA DE LIXO, , ...//...	00851/2018	29/12/2018
2018/G003/000646	CAMBIO TITULARIDADE TAXA RECOLLIDA LIXO, , ...//...	00847/2018	29/12/2018
2018/G003/000647	CAMBIO TITULARIDADE TAXA RECOLLIDA DE LIXO, , ...//...	00848/2018	29/12/2018
2018/G003/000939	EXPEDIENTE DE PAGAMENTO ANTICIPADO A	00855/2018	31/12/2018



	XUSTIFICAR DO 90% DO IMPORTE DAS SUBVENCIÓNS NOMINATIVAS DA ANUALIDADE DE 2018.		
2018/G003/000841	CONTA XUSTIFICATIVA DE AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL	00001/2019	02/01/2019
2018/G003/000881	TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00002/2019	02/01/2019
2018/G003/000793	DEVOLUCIÓN DE AVAL A COPCISA, S.A. POR RESOLUCIÓN DO CONTRATO PARA A OBRA DENOMINADA "OBRAS DE GRADERÍO EN CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL (POS 2016) EXPEDIENTE 2016/C003/000003 - EXPEDIENTE 2017/G003/000050"	00003/2019	02/01/2019
2018/G003/000768	APROBACIÓN DOS PADRÓNS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF), LIBRE CONCORRENCIA E DEPENDENCIA, OUTUBRO 2018	00004/2019	03/01/2019
2018/G003/000734	DESESTIMACIÓN DA RECLAMACIÓN Á TAXA POR OCUPACIÓN DE VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS, XUÑO-SETEMBRO 2017, DE DONA FLOR CASTRO PEDREGAL.	00005/2019	03/01/2019
2018/G003/000751	RECTIFICACIÓN LIQUIDACION OCUPACIÓN VÍA PÚBLICA CON MESAS E CADEIRAS 2017 DE VARADOIRO, S.C.	00006/2019	03/01/2019
2019/G003/000001	CAMBIO TITULARIDADE TAXA RECOLLIDA DE LIXO, , ...//...	00007/2019	07/01/2019
2018/G003/000818	XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCION PARA PROGRAMAS INTEGRADOS DE EMPREGO 2017-18.ARTABRIA EMPREGA IV.	00008/2019	08/01/2019
2018/G003/000917	PAGO ATRASOS SALARIAS, ASISTENCIA XORNADA DE FORMACIÓN DE DONA , ...//...	00009/2019	08/01/2019
2019/G003/000004	INICIO PROCEDEMENTOS SANCIONADORES DE TRÁFICO (AI 99500000017320)	00010/2019	10/01/2019
2019/G003/000006	LISTAS DEFINITIVAS DE ADMITIDOS/AS - EXCLUÍDOS/AS NA ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL "CHALÉ ROSA", CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA NOVEMBRO 2018, CURSO 2018-2019	00011/2019	14/01/2019
2019/G003/000008	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00012/2019	14/01/2019
2018/G003/000927	PADRÓNS SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA, NOVEMBRO 2018	00013/2019	15/01/2019
2019/G003/000009	TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00015/2019	15/01/2019
2019/G003/000010	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00014/2019	15/01/2019
2019/G003/000007	Solicitud de subvención para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico e	00016/2019	15/01/2019

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	<i>para a mellora das coleccións bibliográficas para o ano 2019.</i>		
2019/G003/000015	MODELO 111 IRPF DECEMBRO 2018	00017/2019	21/01/2019
2019/G003/000011	SUBSTITUCIÓN LIMPADORA MOTIVADA POLA BAIXA POR IT. DE , ...//...	00018/2019	21/01/2019
2019/G003/000012	PROPOSTA DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA)	00019/2019	22/01/2019
2019/G003/000014	PROPOSTA DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA)	00020/2019	22/01/2019
2019/G003/000031	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 24.01.2019	00021/2019	23/01/2019
2019/G003/000035	CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA DE 28.01.2019	00022/2019	25/01/2019
2019/G003/000036	CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE PARA O ESTUDO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERIS DO PLENO DE 28.01.2019	00023/2019	25/01/2019
2019/G003/000003	EXPEDIENTE DE APROBACIÓN RELACIÓN ALTAS E BAIXAS NOS TALLERES CULTURAIS XERAIS 2018/2019	00025/2019	28/01/2019
2019/G003/000034	PAGO DOS SEGUROS SOCIAIS DECEMBRO 2018	00024/2019	28/01/2019
2019/G003/000033	INCIDENCIAS NÓMINA MES XANEIRO 2019.	00026/2019	28/01/2019

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde-Presidente D. Bernardo Fernández Piñeiro, en Ponte deume, a luns 28 de xaneiro de 2018."

Os/as membros presentes **TOMAN RAZÓN.**

10.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

D. Andrés Pérez Pérez, portavoz do Grupo Municipal do PP, formula os seguintes ROGOS:

1. Rogamos retiren os xogos vellos do Olmo
2. No mes de novembro do 2017 e marzo do 2018 rogamos solucionasen o problema dun cable arrincado por un camiión na rúa Betanzos, a día de hoxe segue sen solucionarse, retomen o tema.
3. Rogamos limpen o enreixado que hai xunto ao semáforo e paso de peóns, fronte ao Eumesa
4. Rogamos repoñan as bombillas próximas ao paso de peóns , preto do hospitalillo :esquina muro do atrio e esquina muro asilo



O Sr. Presidente di que a do asilo reparouse o xoves...comprobarano.

5. Comunicannos os veciños que as luces da antiga escola de Boebre quedan acesas moitas veces, rogamos avisen a quen a usan.

6. Rogamos volvan a reparar o firme do Empedrado, volve a estar cheo de fochancas

7. Reparen tamén a Avenida De Raxoi.

8. Rogamos poñan iluminado no aparcadoiro e miren de dótalo dunha saída peonil ao Paseo.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que xa está previsto.

9. Rogamos arranxen as rúas do Olmo e pinten os aparcadoiros.

10. Rogamos limpen ou manden limpar os sumidoiros da carretera na parroquia de Boebre,

12. Auga para O Pilón.

O Sr. Presidente informa que a canalización da auga vai ir polo lado da Praza do Conde.

E as seguintes PREGUNTAS:

1.- Xa teñen listos os orzamentos?

O Sr. Alcalde-Presidente, D. Bernardo Fernández Piñeiro di que non, que se está a traballar neles e estudando as propostas realizadas dende os distintos grupos. Sobre as propostas remitidas dende o Grupo Municipal do PP, na relativa a unha rebaixa dos impostos con cargo ao Orzamento, o Sr. Fernández Piñeiro di que habería que modificar a Ordenanza e no que respecta á cubrición do patio do CEIP de Andrade di que non é competencia municipal se non da Consellaría de Educación, proposta da que se dará traslado á Xunta, indica e considerando que se trata dun erro á hora de realizar a proposta por parte do PP. Conclúe indicando que outras das propostas están máis ou menos contempladas.

2.- A quen lle corresponde limpar as beirarrúas de Boebre?

O Sr. Presidente di que non está claro, se ben o Concello de vez en cando fai limpeza.

3.- En que situación se atopan as axudas de material escolar?

Dna. Raquel Caruncho Corral di que xa están revisadas as solicitudes presentadas, pendente de informe, e convocada a comisión de baremación, que se reunirá mañá. Informa de que se está a traballar na ordenanza xenérica para a próxima convocatoria , tratando de axustala pola distinta problemática, de cara ao verán.

4.- Quen se encarga da vixilancia das obras na curva de Ombre?

O Sr. Presidente di que ben a Deputación ou a empresa.

D. Andrés Pérez Pérez indica que quedan ferros ao aire e que traballan o sábado e tardan en voltar...

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que deron traslado á empresa de que fagan os traballos de forma continuada.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

5.-Están a cortar madeira nas inmediacións do Camiño Dos Carballás, entre a parroquia de Nogueirosa e Andrade . Puxeron os maderistas algunha fianza?. Pediron os veciños unha sinal que limite o tonelaxe, cando a pensan poñer?

O Sr. Presidente indica que coa nova lei de montes o Concello non ten competencia para pedir fianza en rústico. Indícase que se pediu unha sinal en base a un informe.

6.-Hai algún sistema para que non se levanten as tapas do alcantarillado, para evitar accidentes?

D. José Simoes Couceiro di que hai unha pasta que veu hai pouco para suxeitalas.

7.- Teñen xa as bases para a licitación dos postos do mercado municipal?

Dna. Yolanda Vázquez Busto di que o estudo está bastante avanzado e que se contará cun borrador nos vindeiros días.

8.- Temos nova data para o remate do mercado?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que as datas son as que traslada acciona: segunda quincena xaneiro a principios de febreiro e que a choiva impide pintar o edificio e realizar outros traballos, di que no interior está pendente a realización de pequenos traballos, se ben vai ser unha cuestión de días, estando dentro do prazo previsto. Sobre o tema do cableado que non recollía o proxecto di que está subsanado, trasladado a Fenosa e á espera que Fenosa diga pero o traballo do Concello sobre o dimensionado, está feito, logo de que se atopara unha solución técnica viable.

Dna. Ana Veira pregunta polo borrador das bases para a licitación dos postos e a situación dos actuais, que é unha das preguntas que trae o seu grupo.

Dna. Yolanda Vázquez Busto di que estará listo dentro dunhas semanas, quince días e que se está a facer un estudo de mercado sobre posibles emprendedores así como sobre o que hai na actualidade. Di que serían entre 14 e 15 postos e que hai espazos aínda por definir. Indica que no mercado provisional hai 8 postos. Sobre as concesións en vigor indícase que se están a revisar xa que non aparece toda a documentación e que habería 2 ou 3 nesta situación e que o resto supón que cada unha ten unha situación diferente.

Sobre o prazo para a concesión dos novos postos, o Sr. Alcalde di que se tratará de tramitar o antes posible.

De seguido, prodúcese un debate sobre o formato dos postos logo da modificación do proxecto.

Dna. Ana Veira García pregunta polos postos de venda nos exteriores ao que se lle contesta que habería que elaborar unha nova ordenanza, conforme á regulamentación da Xunta.

9.- Onde está a nova páxina web?

Dna. Yolanda Vázquez Busto di que está subida no servidor da Deputación e que se van facer unhas probas de consulta.

10.- Teñen xa a programación do entroido?¿Onde pensan poñer a carpa?



A Sra. Vázquez Busto di que o luns teñen unha reunión ao respecto e programada outra coa representación de UCOA para ver o emprazamento.

11.- Xa teñen listos os pregos da xestión, do servizo de abastecemento e saneamento de auga e máis da piscina?

O Sr. Presidente di que non, que se está revisando o estudo económico financeiro.

12.- Sabemos algo sobre as xestións feitas relativas ao edificio do Casino?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se está á espera da resposta do Ministerio.

De seguido, Dna. Ana Veira García, portavoz do Grupo Municipal do BNG, formula os seguintes ROGOS:

1.- Velutina.

En diferentes puntos do concello (Visura, Fonte do Conde, Zopazos...) están visibles niños de velutina. Recentemente están a constatar os técnicos que estes animais están a mudar comportamentos e incluso falar da posibilidade de que manteñan a actividade durante máis tempo e incluso reutilicen os niños doutros anos.

Rogamos a súa retirada como medida preventiva e por alarma social.

O Sr. Alcalde indica que se están tratando de eliminar todos cos medios dos que se dispón.

D. Andrés Pérez apunta a existencia de niños no camiño que vai dende Pazos á Regueira, solicita que se retiren.

2.- Espello de Esteiro. Despois de varios avisos e recordatorio constatamos que non está repostado.

Solicitamos a súa colocación.

Dende o goberno local indícase que xa chegou.

3.- Pedras na zona das Lonxas de Raxoi.

Nas inmediación destes locais e nas zonas utilizadas para aparcadoiro hai acumulación, en varios puntos, de pedras que dificultan que os vehículos podan aparcar.

Pedimos a súa retirada.

4.- Firme na zona do Peirao.

En diversos puntos do peirao, próximo ás Lonxas de Raxoi o firme está en mal estado.

Rogamos o seu arranxo polo organismo competente, concello ou portos.

5.- Fonte Rúa Gumersindo Placer.

O aspecto de abandono é moi salientable polo que

Rogamos a súa limpeza.

O Sr. Alcalde di que xa teñen orde en vías e obras de chorreala.

6.- Edificio de Servizos Sociais.

Na zona de paso e de entrada do edificio onde están os Servizos Sociais, Xulgado... está invadida por diferentes remolques que dificultan o paso aos usuarios así como o camiño dende o peirao en dirección as escaleiras do Torreón.

Pedimos a súa retirada.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

D. Andrés Pérez Pérez fai referencia á necesidade de retirar o material acumulado no patio do edificio de servizos sociais.

7.- Rúa Eduardo Pondal.

Hai nesta rúa una varanda que está moi deteriorada.

Pedimos que se instale unha segura e axeitada aos viandantes

8.- Capataz-encargado.

En aras ao bo funcionamento dos servizos á cidadanía.

Solicitamos a provisión deste posto de traballo coa maior brevidade.

9.- Axudas para diversas entidades da vila.

Hai un mes asistimos abraiados/as a o “espectáculo” da convocatoria ás entidades da vila para asinar os convenios de subvención do ano que estaba a rematar xa que foi o 28 e 29 de decembro.

Rogamos a planificación durante o ano 19 para que non se repita esta situación ao tempo que reiteramos o rogo de que se realicen en réxime de concorrencia.

10.- RPT.

Pedimos se nos facilite esta documentación.

11.-Polígono de Vidreiro.

No acceso ao Polígono de Vidreiro existen varias fochancas que se non se atacan neste momento, medran profundamente e con maior diámetro.

Solicitamos o seu amaño.

12.- Control de Gaivotas.

As colonias de gaivotas van en aumento, e cada vez fanse máis urbanas e preiras. A consecuencia é que medran as queixas veciñais polas súas deposicións, ruídos...

Solicitamos como noutros concellos unha campaña de control de poboación.

E as seguintes PREGUNTAS:

1.- Día de Rosalía 24 de Febreiro.

Logo de aprobada por unanimidade a moción para nomear o paseo marítimo co nome de Rosalía de Castro e pasados anos sen facelo, nas últimas preguntas presentadas o goberno municipal quedou comprometido a facelo neste ano 2019 como parte dos actos conmemorativos do 24 de febreiro.

Cal é o programa de actividades para este 2019?

Dna. Yolanda Vázquez Busto, concelleira de Cultura, Comercio e Turismo di que entre maña e o luns se pecharán as actividades que irán na liña de anos anteriores (homenaxe coa lectura de textos...), e que se instalará unha placa indicativa no paseo coa denominación deste “Paseo Marítimo Rosalía de Castro”.

2.-Axudas de material escolar.

Como está o último proceso destas axudas? Cantos beneficiarios/as houbo? Cando pensan convocar as do curso actual 2019?

Dase por contestada na quenda de preguntas anterior

3.-Consello Municipal de Turismo.



Xa se preguntou pola constitución deste órgano de participación no mes de marzo do 2018 e seguimos sen contar coa súa constitución.
Para cando?

A Sra. Vázquez Busto di que se contan iniciar os trámites para a súa constitución neste ano 2019.

4.-Participación en FITUR.

Recentemente o concello de Pontedeume asistiu á feira do turismo FITUR en Madrid.
En que consistiu esta participación? Quen asistiron?

Dna. Yolanda Vázquez Busto di que se fixo o esforzo co envío de novos materiais de difusión e que se proxectou o video de promoción turística do concello nos postos de contido audiovisual dentro do posto de "Galicia"; contando con maior representación no posto da Deputación da Coruña. Indica que se visitaron determinados postos e se concertaron reunións con empresas para o establecemento de novas liñas de actuación. Conclúe indicando que, en representación do concello asistiu ela.

5.- Caseta-kiosco.

Achegándose o remate das obras do mercado municipal e tendo en conta a existencia desta caseta-kiosco que estaba situada nas súas proximidades.
Que hai planificado? En que situación administrativa se atopa a mesma?

O Sr. Presidente di que a caseta se vai demoler en breve e que esta actuación non estaba contemplada no proxecto, como tampouco as beirarrúas nin as escaleiras de Porto. Indica que a idea é buscalle un novo emprazamento e quitala a concesión pública.

6.- Situación das augas das praias de Ver e Centroña.

Estas augas teñen a catalogación de non aptas para o baño.
Cal é a situación a día de hoxe en ambos lugares? Poderían explicar as xestións realizadas?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que a situación é a mesma, en tanto que aínda se teñen que desenvolver as actuacións programadas: a renovación da estación de bombeo en Centroña, financiada pola Deputación e pendente de licitar. Di que se ten detectado unha fuga na rede de saneamento en Castelo que vertía directamente á praia e que isto xa se amaño. Da conta dunha serie de actuacións realizadas para coa renovación da rede de abastecemento.
No que respecta a Ver, di que se está á espera de que Augas de Galicia remate o proxecto de bombeo e instalación para a depuración das augas na depuradora municipal, que se vai financiar con baixas dos distintos convenios asinados.

7.- Festas das Peras 2018.

Poden informar da memoria económica das mesmas?

Dna.Yolanda Vázquez Busto informa que foi presentada esta semana pola Comisión e que ascende a cento seis mil euros aproximadamente.

8.- Páxina Web.

Logo de tres anos e innumerables peticións seguimos como estabamos: Sen Páxina Web. En setembro xa estaban o 80% dos contidos e dixeron que para novembro, en novembro que para o inicio do ano que estaba con elo o técnico de turismo.
Agora cal é a situación?

Dáse por contestada na quenda de preguntas anterior

9.- Orzamento 2019.

En que mes teñen planificado presentalos?

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Dase por contestada na quenda de preguntas anterior.

10.- Mercado Municipal. Como están as obras? Estanse a cumprir os prazos?

Dáse por contestada na quenda de preguntas anterior.

11.-Situación dos diferentes postos.

Explicóusenos noutros plenos que se estaba a realizar un estudo da situación, tendo en conta as diferentes situacións dos praceiros/as e que estaba a realizarse por parte dunha empresa especializada o estudo. Cal é o resultado do mesmo? Cantos postos vai ter a nova instalación? Cantos postos hai no emprazamento das Lonxas de Raxoi? Como están en canto ás concesións? Que prazo teñen previsto para a provisión dos novos postos?

Dáse por contestada na quenda de preguntas anterior.

REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as dezaseis horas e cincuenta e dous minutos do expresado día. Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.

